

Premio 2024

de poesía, relato e tradución
da **Universidade de Vigo**





Editan:
Xunta de Galicia,
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,
Secretaría Xeral da Lingua;
Universidade de Vigo,
Área de Normalización Lingüística;
Edicións Xerais de Galicia

Ilustración da cuberta: Miranda García

© Universidade de Vigo e os autores/as dos textos, 2024

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2024

Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo

xerais@xerais.gal

<http://www.xerais.gal>

ISBN: 978-84-1110-589-7

Depósito legal: VG 445-2024

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Premio 2024

de poesía, relato e tradución
da Universidade de Vigo

LIMIAR

Un ano máis, a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo publica, neste volume, os textos que obtiveron os Premios de relato, poesía e tradución na súa XXVIII edición. Para a nosa institución resulta moi gratificante comprobar, ano tras ano, como esta convocatoria se recibe con entusiasmo pola comunidade universitaria que desde os seus tres colectivos (alumnado, profesorado e PTXAS) presenta a súa obra orixinal no seu respectivo formato: relato curto, poesía e tradución.

Cando os procedementos estipulados nunha actividade cumpren o seu cometido, non é preciso mudalos. Por iso, seguimos contando e agradecendo a colaboración altruísta do presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira Viturro, profesor da Universidade de Vigo e sempre disposto a contribuír ao espallamento da dignificación da nosa lingua. El encargouse da presidencia do xurado (por delegación do reitor) e tamén de seleccionar e convencer o resto das persoas que o integraron, algunhas delas veteranas nesta tarefa: Francisco Alonso Villaverde (director da editorial Xerais), Xose Luís Axeitos Agrelo (escritor e investigador) e o seguinte profesorado da Universidade de Vigo: Joan Miquel Verges, Elvira Ribeiro Tobío, Liliana

Valado Fernández e Patricia Buján Otero. Susana Reboreda Morillo, vicerreitora de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo, asumiu o rol de secretaria con voz, mais sen voto. A xuntanza deste acaído equipo tivo lugar o día 3 de maio no contorno incomparable da Casa Museo de Rosalía de Castro, A Casa da Matanza, en Padrón. Aproveitamos este limiar para mostrarlles publicamente o noso agradecemento aos membros que deliberaron e unanimesmente seleccionaron as mellores obras. Grazas pola vosa contribución ao éxito desta convocatoria.

A consecución destes premios non sería posible sen a achega, a través dun convenio coa Universidade de Vigo, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia. O acordo que está vixente dende hai varias décadas alenta o desenvolvemento de actividades motivadoras; estes premios literarios e a presente edición constitúen unha boa proba.

A decisión do xurado transmitíuselles ás persoas seleccionadas inmediatamente unha vez rematada a xuntanza. A celebración e a entrega dos galardóns tivo lugar no acto institucional da nosa universidade que conmemora o Día das Letras Galegas, neste 2024 dedicado a Luísa Villalta. O día 16 de maio no campus de Ourense fixemos a nosa particular homenaxe, que tivo unha excelente acollida entre o numeroso público asistente. Como novidade, e coa intención de darlles máis relevancia a estes galardóns, as persoas que foron distinguidas co primeiro premio en cada unha das modalidades tiveron a oportunidade de lernos un fragmento da súa obra. Outro acertado costume que parece que chega para quedar.


MANUEL REIGOSA ROGER
Reitor da Universidade de Vigo

Composición do xurado

O xurado dos premios de poesía, relato curto e tradución da Universidade de Vigo 2024 estivo composto por Anxo Angueira Viturro como presidente por delegación do reitor, Francisco Alonso Villaverde, Xosé Luís Axeitos Agrelo, Joan Miquel-Verges, Elvira Ribeiro Tobío, Liliana Valado Fernández, Patricia Buján Otero e Susana Reboreda Morillo como secretaria con voz pero sen voto.



poesía



CRÓNICA DOUTRA TERRA

Natalia Otero Oubiña

Primeiro premio

—Dálle voz a esa chuvia...

Aquí veño, Clarice, de rechinar coas rosas
Alá fomos, a rolos polo OSO abaixo e
deixoume a peluxe do
[xardín
que aquel meu lle dicía tan *cursi*
unha lentura perenne
nesta chambra estampada de *captatio benevolentiae*

Moito teñen carpido
as cinsas, neste País
de combas desleigadas
cumios cegos e cotenos estragados
Apañamos das augas
meconiais pegañentas bágoas
que hoxe son as doas da Grande Era Hílica
pedrazos de mentira no areal
Cacheamos nos tobos
os pasaportes das Fadas e dos Tranos
nas tripas das silveiras que quixeron
estourar, topamos
a dignidade
onda o resto dos mal pecados
para acabar insomnes
entre a la e o látex
atafegando de amnesia seca

Agostaron os tetos
 Queimaron as fontes
 Chucharon dos montes
 Tapáronno-los canteiros con piche *umami*
 e cun consentido
 sensentido contemplan, Clarice,
 os mantos violados
 con fálicas flores de nordés

Baixámoslle a caluga a quen nola fende
 con xotas coma cromosomas
esgharrados
 moneando
 (si, si) coas manciñas, unha
 sobor da outra
 co pelello dunha mazá que reve

Meu País de Pais pensantes
 Irmáns mal levados
 e desdentados mamonciños da desmemoria
 Quen te entenda que te chore

Óense as vellas dos tempos das Mouras: quen vive?!
 —As viúvas dos vivos!, contesta á fin
 un coro pronominal
 Quen queda para velar finais?
 Quen para sacar dos padais
 o veneno edulcorado do elixir?
 Quen para pór nos berces
 un cornecho de centeo
 ou unha crisálide
 nos peteiros abertos das novas
 roseiras, Clarice?

—Pero quen fala agora?!

—Ai, esa é outra Historia...

Un día de aire e mil de auga
 e a cada chantada
 menos terra. Terra que xa eu non levo
 nas uñas. Agora rabuño
 de porta, Clarice, en porta
 e sábeme a carne a níquel
 con prebe de *S. epidermidis gram-positivos*
 A min, que xa só me queda
 o negativo das fotos

Mais chegamos ó futurísimo, medio
 humanos, a un metro
 de distancia enferma
 coa incredulidade
 sobre a apoptose dos ríos
 e cos trebellos tocando a morto
 e a clásico dadaísmo
 e entre o *Trap* e o *Trad*
 e a traca do *tra-tra*
 coma nunha lexión de *matraquillos*, Resistimos
 Dálle ó #sino! (matapiollos arriba
 e-sígueme-para-máis-consellos)

Comezou a Revolución Neolítica
 e aínda o Home, Clarice,
 non resolveu se acaba antes o mundo
 ou a palabra
 Aínda non hai Morte sen Poesía

Nós seguimos
 armádonos de bocas
 facendo das espigas espadas
 e escudos das peneiras
 e co corazón dos puños
 e dos carozos
 en coiro
 con uniformes de *ailá*
 un exército de Helenas
 defendémonos do allo

Ai do Allo!, Clarice
 Pónseme de punta no peito

Respondemos tamén
 interrogantes revirichadas
 sen vogais breves
 ditongadas
 cuspindo as oclusivas
 tensas
 das verdades mal enviadas
 e do diáfano silabario

Que nolo saquen do lombo!
 AQUÍ HAI FRONTEIRAS


Perdón por tanto Amor...

E así nos mantemos
 a Forza de inquietudes
 por petelar na Estrela da Serra, para que revire
 o estoque de luz, para que reabra
 un Olo de vidro
 de Celanova ata Rianxo

Beatus ille que salvou o seu fado
e Obrigados Nós

Outro crepúsculo...

E acolá
 Máis alá
 As Cotovías



A LITURXIA
M.^a Dolores López Correa

Primeiro accésit

EUCARISTÍA

Se Deus fose humano
cobizaría o teu corpo
afanaríase en percorrelo coa lingua
ata o seu acubillo máis fondo
con degoiro
devecendo
agoando descubrir o seu sabor
e a súa suor tras o amor
con apetencia e famento
anhelando estar sobre ti
co sexo entrelazado,
coa respiración humedecida
e as mans tremendo por encontrarvos.
Se Deus fose de carne e óso
ansiaría vestir a túa pel
coa ambición do desterrado
lambería os teus cabelos
ata deixalos saloucando
cheiraría o teu alento
perdéndose ás cegas dentro
e saciaría a sede das túas mans
coa paixón dun venres santo
adoecendo estar sobre ti,
crucificado
lamentando non ter vivido abondo
para crear outro ser coma ti.

DECÁLOGO

Mandamento Primeiro. Amareinos (xuntos) sobre todas
[as cousas.

Mandamento Segundo. Non tomarei os nosos nomes en
[van.

Terceiro Mandamento. Santificarei a festa do teu corpo
[e a túa carne, sempre.

Cuarto Mandamento. Honrarei o teu pai e a túa nai,
[por amarse intensamente ata traerte ata min.

Mandamento Quinto. Non matarei nada que teña que
[ver con nós.

Mandamento Sexto. Cometerei os actos impuros
[necesarios. Todos.

Sétimo Mandamento. Non roubarei nin tempo nin
[espazo á nosa unión.

Oitavo Mandamento. Non falarei de balde nin mentirei
[cando te chame amor.

Mandamento Noveno. Non consentirei pensamentos nin
[desexos impuros que non sexamos nolos dous.

Mandamento Décimo. Non cobizareis outra pel, outro
[alento, outro resaibo, que non sexas ti.

ÚLTIMA CEA

E mentres te imaxino tombado
coa mirada espida sobre min
e os teus pensamentos descansando
sobre os meus cabelos enleados,
suspiro un alento que é máis un rezo
para que tomes o meu corpo e comas del
coma se nunca antes amases.

E mentres te imaxino agarrado
coas túas mans honestas aos meus vans
e a túa pel pronunciando en cada movemento
o nome de cada acubillo da miña pel,
ascendo o latexo do meu peito e elévoo
para que tomes o meu sexo e bebas del
coma do sangue do cáliz da vida.

E mentres te imaxino converso
coas nosas entrañas latexando
e toda a culpa engurrada sobre o piso
coma versículos descartados,
aperto as túas tempas para atrapar nelas
este novo mandamento que che entrego
en forma de comunión:

amémonos o un ao outro
como eu nos amo,
coma cada unha das veces nas que
sen ti sabelo,
che fixen o amor.

PENITENCIA

Eu confeso, ante unha deusa todopoderosa,
que pequei e peco cada día
de pensamento
palabra
obra
e omisión.

Confeso, sen arrepentimento,
que te penso ata o desvarío,
que os estigmas me desangran
sobre estas sabas brancas
nas que aínda ulo o pacto
do teu corpo espido.

Confeso, con convencemento,
que quedei sen vocabulario,
que as miñas palabras te nomean
cada vez que digo amor, ou paixón,
que o meu ventre se contrae desexando
o teu corpo dentro del.

Confeso, con aceptación,
que sigo o teu rastro,
que piso por onde ti pisas
cos meus pés descalzos
lambendo a terra baixo as túas pegadas
como rastro da flaxelación.

Confeso, ignorándoo,
que a cobiza me está condenando,
que non son eu a quen ti andas buscando
para aliviar esta penitencia
de necesitar o teu tacto
para perdoar todos os meus pecados.

Porque é miña a culpa,
a miña gran culpa,
e eu pecadora
rezo todos os avemarías
para terte ao meu lado.

VÍA CRUCIS

Virán por min, á medianoite.

Virán por min
antes incluso de xulgarme.

Virán por min, por blasfema
e por adulterio,
por desexar un home doutra muller.

Levarei no meu peito
unha ferida de espada atravesándoo,
serei a Virxe das Dores
coas bágoas no rostro derramando
e probarei o sabor da culpa
sen gozar sequera do seu amor.

Condenaranme a 300 lategazos
por cada vez que o desexei
e lapidaranme en calquera descampado
co peso e a cruz de ignoralo,
coa gravidade dun acto non consumado
e a angustia sagrada da desesperación.

Virán por min, anunciaron.

Virán por min
para soterrar baixo toneladas de pedra
as ganas que me nacen
de darlle a volta ao sexto mandato,
estas forzas que me crecen
dun amor que me excomungou.

Virán por min, afirmaron,
e levaranme presa
para pasear o meu corpo cheo de ti
por esta cidade de sentimentos crucificados.

CRUCIFIXIÓN

Mirarán ao alto, sinalando
mentres martelan con golpes secos
o primeiro dos cravos, o da vergonza.

Mirarán ao alto, en silencio
mentres martelan con golpes certos
o segundo cravo, o da condena.


Mirarán ao alto, horrorizados
mentres martelan con golpes severos
o cravo derradeiro, o da rendición.

Serei exemplo e escarnio,
resultado dunha vinganza,
causa desta conspiración.

Sacarán as súas espadas
rompendo as posibles palabras
e todas as miñas explicacións.

E brotará o meu sangue
sobre as súas consciencias
e anegará estradas e calellas
e volverase choca con tanta traizón.

E, cando todo pareza perdido
e non queden ecos xa do meu martirio,
ficarán os restos da miña carne
no alto desta cruz
ondeando por ti.



A OUTRA MORTE DE SARA I.
Saray Rodríguez Pérez

Segundo accésit

UNHA PERSOA

O amor foi saber que eu tamén morría.
Trapecistas inmortais que ignoraron o abismo.
Entre os libros
dun cuarto baleiro
que aínda ocupan as miñas mans.

Ela tamén ten os seus argumentos
se era eu quen apagaba a luz.
Sempre foi tarde
pero nunca tan cedo coma agora.

Nos camiños só queda a rendición
despois dunha vitoria,
a aspiración de ser poeta
e a última viaxe a Nova York.

Os desexos morren se non se cumpren.
Eu aínda pecho os ollos
porque as estrelas fugaces están no noso corpo.

Non vou protestar se outro apaga a luz. Durmir é o
único que queda.
Digas o que digas,
poden ser as cinco ou as seis,
pero a esperanza é o único que nos consome.

Na mesa hai café e soños rotos.
Non teño campos de Castela.
Nin poemas azuis.
E para min, sempre é venres.

Parece que nunca foi doutra maneira.
A morte son todas as palabras que nos rouban
cando nos mordemos o beizo.

EN TODOS OS ANOS

Veste no espello.
Alguén aínda te espera.
Coma eses cinco minutos máis na cama.
Non sabemos o porqué da próxima ferida.
Nin se me pinto os beizos en busca do seu único afago.

A quen lle sorprende a sombra
dos días nos que ninguén lembra os ollos
daquel que lle presta as costas?
Dos paraugas cos que ninguén comparte?

Saias longas nos corenta graos.
En pleno exercicio da acción dun bico roubado.
O bikini que marca a liña da sedución
e eu que teño os armarios baleiros.

Somos só algúns
aos que nos esquece
que hai xente que non ve películas de ciencia ficción.

Existe entón algún lugar
onde o silencio
apague todo este ruído?

A SOIDADE É NEVE

Xa nada me esquece, pequena nena.

Trátase do corpo inerte que desexa ser derrotado.
E parece que choveu tanto
que secaron as palabras.

A decrepitude murcha as cancións de Serrat.
Coma os *trending topics*,
coma a ilusión ferida
da certeza do non máis absoluto.

Igual ca un faro abandonado
polo capitalismo de luces nos teléfonos.

Coma as afirmacións e as derrotas.
A silueta do segundo posto
no andel de trofeos cheo de terceiros intentos.

Así é a neve.
Así é a soidade.

Con ese mesmo verán do «Sorrí para a foto»,
do «Anímate que a vida son dous días».

Aínda non sei nada
cando teño que saber quen son.

DÚAS VIDAS

O talle S agora tamén é o talle das pouco delgadas para
[este vestido,
das pouco bonitas para eses pantalóns.
As mozas nos baños tamén falan sobre outras mozas
e as súas camisetas engurradas,
e as zapatillas dos seus irmáns.

Os problemas na casa, os deces e matrículas de honra.
«Hoxe non podo, teño que estudar.»
Nunca poderei quedar aquí.
E o 7 de febreiro xa non terei unha nai
senón a vergoña dun xuízo
e a memoria das testificais esixidas.

Buscar as festas, torcer o nocello
para evitar as clases e os protocolos ansiados.
De luns a venres.
De nove a dúas.
Que enchen o espazo para non pensar no estómago.

Contar os gramos do non teño fame
e os quilos que me faltan
para poder esconderme.

O roubo de pastillas Lorazepam
deixa de ter sentido
cando é o médico
quen sabe que os teus soños xa non se cumpren.

E recéitanche cousas
para que che doia menos a distancia
das cousas da vida:
a depresión, os suicidios asistidos
e as vitorias dun para o fracaso doutros.

Son cousas que teñen que pasar
algúns morren moito
para que outros vivan un pouco.

ALTA MAR

Xa non hai barcos que arríen as velas.
Non hai pegadas que marchen coa auga salgada.
Que cheguen á beira para esperarme.
O que antes naufragaba agora non existe.

Para que non me queime o sol,
quedei dentro dun círculo de sal, no perímetro.

A casa sobre as miñas mans sempre frías,
e o aínda halo do número dous.
Escribo sobre un futuro que vai morrer.

Oxalá unha estrada na que elixir o destino,
onde as luces aluman animais mortos
e xente facendo autostop.

Vexo vivir amodo os que se afastan,
gozan dos misterios e os segredos,
e eu tan preto deles,
tan lonxe do que supoño.

Non é complicado morrer
cando xa non hai costa.

A AUGA

Só auga.
Auga dunha casa.
Dun fogar.
Dunha fonte rota.

Das Tres Mil Vivendas
ou da rúa Serrano.

A auga móllanos a pel: os pulsos,
as coxas, o corazón, as feridas.

Empápanos.
Rozando case a inconsciencia.

E agora a auga está na miña ducha,
na miña cama, nas miñas mans,
nas esquinas dos días sen amigos.


Parece, entón, que non coñecín nunca a saciedade.
Toda esta auga vermella
enche a dor pinga a pinga.

Sempre é así.
No medio da noite,
na quietude do silencio,
atopamos a verdade:
nunca queremos estar sós, sempre buscamos auga.

Porque a morte é alcanzable.



relato curto



A DERRADEIRA NOVELA
DE VERÓNICA SILGAR

Alba Guzmán Falcón

Primeiro premio

Inerte igual ca un náufrago á deriva, o Santo Cristo ondeaba sobre unha marea de homes e mulleres vestidos cunhas roupas tan escuras coma as súas almas.

A airexa daquela desaprachable tarde de abril de 1891 alborotaba a melena do fillo de Deus mentres, acompañado por lánguidos murmurios, era trasladado a ombros pola confraría de San Pío X. Nun respectuoso silencio cruzaron, moi amodo, as angostas rúas da cidade durante o tradicional percorrido do Venres Santo.

O Nazareno, cun visible xesto de esgotamento, semellaba indiferente á dor daquel xentío que imploraba o perdón celestial pola traizón dos seus devanceiros. Mais Xesús, o que morrera por eles para libralos do Mal, non os podía crer.

A comitiva da sagrada procesión estaba encabezada polo reverendísimo bispo monseñor Cesáreo Rodrigo vestido, como así ordenaba a norma litúrxica, coa obrigada cor vermella que representaba o martirio e o sangue derramado polo Redentor. Desprovisto do anel episcopal e do báculo pastoral en sinal de loito, o seu rostro reflectía unha manifesta incomodidade pola ausencia do poder que Deus lle outorgara para conducir o seu rabaño.

Á dereita do prelado o excelentísimo alcalde, don Feliciano Pérez, matinaba se acaso as divindades tan só eran algo ficticio, unha necesidade creada polo home para mitigar o seu paso pola vida. No lado esquerdo o gobernador don Marcial Carballido intentaba, en van, adaptar co resto dos fregueses o paso marcial adquirido cando servira no exército de ultramar. Unha decena de metros por

de detrás dos dous mandatarios, ambos vestidos con traxe e sombreiro negro, camiñaban taciturnas as súas respectivas esposas. Dona María e dona Carme, emperiquitadas coas súas mellores galas, presumían ante os demais asistentes con aquel estilo importado da moda europea onde predominaban as siluetas debuxadas por xustillos e os traseiros avultados co polisón. O cabelo recollido, tocado con mantilla e peita, axudaba os rosarios de perlas para atenuar aquel vestiario un tanto provocador e, á vez, aportar un cariz relixioso nesa xornada de tristura adicada a conmemorar a morte do Salvador.

Con certa suspicacia, a parella de mulleres asexaba unha terceira que desfilaba ao seu carón sen esforzo aparente. Cos seus ben levados 45 anos, a elegante e esvelta Leonor, viúva do insigne coronel Luís Sanmiguel e probable amante do bispo, subía sen dificultade pola empinada costa da rúa, malia levar posto aquel corpiño que para as mulleres do alcalde e do gobernador se estaba a converter nun tormento insufrible.

Rexoubaban as malas linguas, aquelas que as señoras podentes alimentaban cunha codia de pan seco, que Leonor, esnaquizada de dor pola morte do seu marido, buscou refuxio e consolo na igrexa ao mando de monseñor Cesáreo. O bispo, cegado pola delicadeza e tenrura da compunxida viúva, prometeulle ofrecer unha misa polo finado cada domingo do ano en curso na catedral, exhortándoa, a cambio, ao sacrificio en alma e sobre todo en corpo polo descanso eterno do coronel Sanmiguel.

A fervente devota axustouse con grande abnegación ás peticións do mitrado para, cando menos, salvar no posible a ánima errante do seu marido. Informada dona María destes sucesos e da alegría coa que Feliciano, marido e alcalde, recibía dádivas de quen lle solicitaba favores, prohibiulle, de xeito terminante, arrimarse á viúva, pois aos seus oídos chegara o propósito daquela harpía para

erixirlle unha estatua na honra ao gran militar con cargo ao erario do concello.

A unha distancia moderada, a xusta e necesaria para separar o poder institucional do pobo, a afervoadada turba arrastraba os pés polo empedrado que os levaría a desembocar na praza Maior. Camiserías, zapaterías e demais negocios permanecían pechados baixo os soportais que rodeaban a praza salvo na zona sur, o lugar ocupado polo edificio do concello e testemuña muda da convivencia amigable da veciñanza. Entre o séquito que acompañaba as autoridades estaba dona Constanza Suárez, propietaria da xastrería La Confianza, quen lamentaba profundamente o peche momentáneo do seu comercio situado no número 16. Dese desgusto facía partícipe, en voz baixa por se acaso, o seu veciño don Demetrio Borrajo de Confecciones Borrajo para deseguido nun acto de contrición, tamén por se acaso, rezar un paternóster e dúas avemarías.

O paso detívose no epicentro da praza Maior e os portadores, fatigados, recobraron os folgos mentres un sismo de veneración acadaba un silencio sepulcral. A man alzada do bispo daba inicio ao sermón do descendemento cando un estouro seco, magnificado polo resón das paredes, enmudeceu os fregueses. Os cirios dos acólitos apagaron a súa luz, as agullas do reloxo da casa consistorial detiveron o tempo, as rosas brancas engalanando a Cristo mudaron negras e dous raios de sol descoidados agocháronse entre as nubes.

De repente fíxose de noite e un leve balbordo, ao fondo da peregrinación, avisaba de que algún acontecemento grave debiera ocorrer cando unha voz desgarrada berrou:

—A beleza está morta!

Todos se axeonllaron ao unísono, os nenos entrecruzarón os dedos das mans interpelando clemencia, as mulleres apreixaron os rosarios suplicando unha graza imposible e os homes, apesarados, descubriron as cabezas como mostra de humildade.

No eixe central da praza só se mantivo en pé un home abatido e o bispo cando un trono poderoso, a ira de Deus, estremeceu o chan antes de que o ceo descargase unha tromba de auga. Tanta era a mágoa daquela xente que ata o Santo Cristo, conmovido, mesturou as gotas de chuvia coas súas bágoas.

O forte aroma do café americano, atravesando millóns de neuronas olfactivas, devolveume á realidade cotiá. Entre o inevitable desconcerto polo veloz tránsito de 128 anos xurdiu ao meu carón, coma se fose un ser místico, un camareiro co pelo tinguido de verde preguntándome se me encontraba ben. «Si, grazas», coido que contestei, pero, por suposto, custoume asimilar que espertara o Venres Santo de 2019 en Ourense.

Relín de novo a miña escrita para corrixir un par de parágrafos considerando –creo que de forma atinada–, que o ritmo narrativo daquela historia deixaba bastante que desexar. Lembro que erguín a mirada buscando unha musa inspiradora no horizonte, pero non achei máis ca as pedras silandeiras da praza Maior. Percibín, iso si, que o corazón da Cidade Vella seguía latexando con forza, bombeando o sangue entre as veas daquel chan inclinado tan peculiar.

Ao fondo admirei, despois de tanto tempo, a maxestosa fachada de tres alturas da Casa do Concello, obra de Queralt, rodeada tamén por tres costados de soportais coroados por fermosas galerías de madeira e vidreiras, noutrora paseo da nobreza e reconvertidos na actualidade en zona de terrazas. Dende alí podía intuír, máis ca ver, a placa pendurada na parede do edificio do concello que honra a protagonista do meu relato. Era impresionante imaxinar como ese mesmo escenario, o da miña historia, mudara a súa decoración co paso de case trece décadas.

Á miña dereita Confecciones Borrajo convertérase nunha sala de exposicións; da recoñecida Casa das Lentes, polo lado oposto, xa só quedaba, apenas lexible, o letreiro comercial escrito na lumieira; e da xastrería La Confianza, uns metros máis abaixo da óptica, non había nin rastro. O resto dos locais, como no que eu estaba a esa hora, trocaran en cafeterías de deseño, garitos que de noite se transforman en locais de copas para solitarios na procura dunha compañía con data de caducidade. Todo cambia dese xeito necesario, imprescindible, para que a sociedade siga viva.

Unha sociedade, por certo, que continuaba alí 128 anos despois celebrando aquela festividade sagrada, aínda que dun modo moi diferente. Agora os feis de traxes negros de 1891 metamorfoseáranse en visitantes que non facían cola para bicar os pés do Cristo cravados na cruz, senón que agardaban, con resignación, a quenda para subir a un incómodo tren turístico. Tampouco por alí, diso estou segura, pasaría monseñor Cesáreo para cantar os improperios nos oficios do Venres Santo. No seu lugar, sentado nas estreitas escaleiras que dan acceso ao pazo episcopal, un fracasado cantautor punteaba unha desafinada guitarra para entoar a coro con tres borrachos, en realidade supoño que nunca deberon estar sobrios, a última estrofa do *Aleluya n.º5* de Luis Eduardo Aute.

De súpeto sentínme soa. En realidade estaba soa. A famosa escritora, Verónica Silgar, autora de varios best-séllers traducidos a seis idiomas, algúns tan célebres como *Los rincones del silencio* ou *Amor al sur*, achábase abandonada, invisible, na cidade que a vira nacer había case sesenta anos.

O peor de todo, inspector, é que ata me pareceu normal que ninguén se lembrase de min. A fama de tres lustros atrás afundírase nos estantes do fondo das librerías onde as miñas obras convivían, ou mellor sería dicir fenecían,

entre novelas de peto mal editadas e revistas con pezas de bricolaxe por entregas. A chegada de novos escritores e a decadencia do amor, devorado polo rexurdimento da novela negra e a literatura fantástica, recluírame nun estado de coma inducido no que me refuxiei como faría un soldado aterrorizado nunha trincheira. Foi Emilio Lasarte, o meu editor, quen acudiu a socorrerme. Aínda recordo o primeiro que me soltou cando descolguei o teléfono:

—Henry Ford afirmaba que os que rexeitan son máis numerosos que os que fracasan. De verdade, Verónica... Xa deches o mellor de ti? Xa te rendes?

Unha maleta sen excesiva carga, seis bolígrafos, catro cadernos e un retorno á vida que non rematara de vivir conseguiron que deixase atrás Madrid para regresar a Ourense, a esta pequena cidade que ulía a nostalxia e, tamén, á tristura que me obrigou un día a marchar e esquecer os atardeceres ao carón do río Miño. Nunca pensei regresar, pero, como pode ver, a ditadura da casualidade volveume traer aquí.

—Por favor, non se deteña —animouna o inspector da Policía Nacional, Eusebio Giráldez, ao decatarse de que aquela muller parecía desviarse un tanto dos feitos polos que estaban sentados na sala de interrogatorios da comisaría.

—Descúlpeme, inspector, entendo que non me cingo aos desafortunados sucesos dese anoitecer. Porén, coido que é indispensable contarlle todo o devir da xornada e así comprenda o estado emocional no que me atopo. Prosigo entón, se lle parece ben... —dixo Verónica ante o xesto de impaciencia do inspector Giráldez.

Dez mulleres, Dez mártires, así se vai titular a miña derradeira novela, e digo derradeira porque despois non escribirei máis. Unha recompilación de paixóns, intrigas e vinganzas, pero sobre todo de heroicidade. A vida dunhas mulleres que foron, e son, símbolos da liberdade e igualda-

de, sen as cales hoxe o xénero feminino seguiría engançado a un pasado misóxino. Necesitaba implicarme a fondo, apalpar esas vidas como miñas e que mellor localización que a Vella Auria para volver escribir e onde, ademais, vivira unha das miñas dez heroínas.

Como lle contaba, levantei da mesa, sentindo o impulso de camiñar, porque a hemicrania nerviosa volvía atacar o lado esquerdo da miña cabeza, malia as dúas pastillas de Vicodin que inxerira unhas horas antes. Entón cavilei que, en realidade, non precisaba esa dose esaxerada de opiáceos e si unha distracción, o equilibrio que silenciase as marteladas de Vulcano nas miñas tempas. Sabía onde acadar todo iso: nas lembranzas. E que mellor lugar para recordar que a casa dos meus avós na que me criei.

Crucei a praza para dirixir os meus pasos, rexidos pola memoria, ata a rúa de Cervantes. O recendo a pan enforado conseguiu resucitar os intres ditosos dunha meniña que corría detrás de bolboretas amarelas, soñando que as podía atrapar e logo enganchalas a unha carroza máxica coa que sobrevoar as cidades do mundo, durmir nas nubes e xogar coas estrelas. Espertei, outra vez, daquel ensimesmamento pasadío ao decatarme de que chegara á praza da Ferrería, un pequeno recuncho que retiña con avaricia case vinte e tres anos da miña existencia. O número 25, un edificio de dous andares, seguía amosando o porte señorial dos anos nos que aquela meniña, eu, contaba as costelacións nas noites de verán.

A porta de madeira, gretada coma os recordos que agochaba, cedeu cun renxer grave á chave que mantivera agochada entre os meus segredos durante a prolongada ausencia. Dende dentro abrín as contras das fiestras e a claridade, cegadora, invadiu as estancias cunha insospeitada ledicia. Na vivenda aínda quedaban algúns mobles de madeiras nobres amontoados no salón da planta baixa para certificar que, dalgún xeito, noutro momento

alí houbo algo de vida. Mudos e cubertos por enormes sabas, semelláronme pantasma agardando por unha ánima xenerosa que as liberase daquel cárcere eterno. Foi o que fixen, ceibar as miñas pantasma recluídas alí dentro.

Un enorme cadro, colgado na parede central, atraeu a miña atención. A estampa amosaba catro adultos e unha nena, duns dez anos, vestida cun traxe branco de cerimonia confeccionado en raso e organdí con capucha. Era a foto da miña comuñón.

Os meus avós maternos, Xosé e Isolina, posaban con rixidez xunto a papá e mamá, moito máis relaxados e sorrindo mentres apoiaban as mans nos meus ombros. É moi probable que esa sexa a derradeira imaxe que conservo dos meus proxenitores. Ao cabo dun mes, como moitos galegos nese período, emigraron a Suíza na procura dunha mellora económica que a súa terra lle negaba. Sen querer convertinme, como miles de rapaces, no que se deu en chamar fillos de avós. Unha situación que, no meu caso, se prolongou para sempre cando o avión que retornaba de Zürich polo Nadal se estrelou nos Alpes cos meus pais de pasaxeiros. Pouco a pouco na miña mente, supoño que afectada pola traxedia, pasaron a ser un recordo difuso, unhas siluetas desenfocadas que se foron esvaecendo ata borrarse por completo.

Tempos duros onde as bolboretas non voaban polo barrio e a depresión, teimuda, aniñou na miña alma. Non se detiveron aí as desgrazas e o avó Xosé, mutilado da Guerra Civil, empeorou daquelas doenzas herdadas do conflito bélico que, mesturadas co sufrimento pola perda de mamá, fixeron que se rendese e marchase na busca da súa filla tres anos despois. Con apenas trece anos cumpridos quedei coa miña avoa Isolina, unha muller culta para a época que me escondeu da mágoa invitándome a viaxar por mundos imaxinarios. Para iso mercou decenas de libros para poder transformarme nun Venres que paliase

a soidade de Robinson Crusoe, nun Jean Passepartout para acompañar a Phileas Fogg percorrendo o mundo en oitenta días ou no grumete Jim Hawkins, disposto a desenterrar fantásticos tesouros en illas misteriosas antes de que o fixese John Silver o Longo.

Fun feliz nesa etapa ou, cando menos, quixen crer esa mentira piadosa. As estacións correron sen descanso e os acontecementos históricos deste país, coma a morte de Franco e a chegada da democracia, apenas se interpuxeron na miña mocidade para rematar, sen excesivos sobresaltos, os meus estudos nas Carmelitas e cursar a carreira de Maxisterio.

Pero outra vez, inspector, foi imposible. Os vellos refráns sempre atinan: o home propón e Deus dispón.

—Que pasou? —inquiriu Giráldez vendo que a escritora se freara de novo.

—Morreu a avoa. Con 91 anos, a verdade, non me pillou de sorpresa, pero engadido a esa desgraza familiar sufrín un desengano amoroso que por pouco acaba comigo.

Non durmía, non comía e incluso pensei no suicidio cando Xoán me abandonou. Por iso tomei a decisión de emigrar para Madrid onde vivía daquela unha prima da miña nai. Alí conseguín traballo como profesora de literatura española nun colexio relixioso e, asemade, dispuxen do tempo suficiente para facer o que máis me gusta na vida: escribir. O resto está na Wikipedia, o primeiro éxito de ventas, a novela levada ao cine, o declive...

—Sinto moito que tivese que pasar por esa experiencia, Verónica. Pero, dígame... Por que abandonou a casa da rúa de Cervantes? —Giráldez insistiu, querendo acelerar o transcórre dos feitos polos cales estaban sentados alí.

—Creo, inspector, que permanecín no interior da vivenda máis de dúas horas. Rebusquei nos caixóns, como o faría unha nena curiosa, na procura de obxectos que me

falasen e, incluso, encontrei algún interesante do que esquecera a súa existencia. Entre eles, debaixo dunha daquelas sabas recubertas de po, descansaba o vello escritorio clásico da avoa María. A madeira de nogueira resplandecía, os gravados de animais ollábanme con curiosidade e nas gabetas atopei elegantes plumas estilográficas na espera de recuperar lendas esquecidas. Foi alí, enriba daquela táboa, onde nacera unha escritora, na que os meus primeiros personaxes cobraron vida. Sentei, coma se o tempo non correse, e comecei a escribir palabras e máis palabras para rematar o meu relato. Eu tamén estaba alí presente, naquela encrucillada de rúas, naquela maldita hora e só necesitaba contar como sucedera. Por favor, inspector, lea, lea mentres fumo un cigarro e descanso un anaco.

—De acordo, Verónica. Os dous necesitamos tomar aire —concedeu Giráldez alcanzando os papeis engurrados que a muller sacara do bolso e, case con angustia, llos entregaba sen dar opción ao rexeitamento. O policía comprendeu que non podía, nin tampouco debía, forzala e que, ante todo, a paciencia sería a peza fundamental para chegar á resolución daquel enredo. Por iso, e só por iso, comezou a ler.

O amor é un pintor que cobre os tons grises da vida coas cores vermellas da paixón. Iso era o que matinaba, o que cada tarde sentía no corazón a costureira Asunción González cando, atafegada, abandonaba o negocio familiar da rúa da Paz para correr ao encontro de Juan Fernández, «Xesta».

Aquela deusa de ollos negros, morotes por beizos e dona dunha preciosa melena acibeche provocaba, sen pretendelo, que os homes se virasen ao seu paso. Todos quixeron ser Ares para posuír a Afrodita; todos ansiaron ser refacho para roubar o seu vestido verde e comprobar

se era certo que aquel corpo o tallara o mesmo Miguel Anxo; e todos, ata os cegos, desexaron ser o home que estaba citado con ela.

Juan, mozo culto e sensible, esperaba impaciente por Asunción a carón dun pequeno ciprés plantado dous meses atrás. A árbore, sempre cómplice, convertíase na fiel testemuña dos apagados suspiros de quen agardaba coa inquietude dun poeta falto de inspiración.

—Juan! Lamento moito a tardanza. Miña nai non me permitiu saír antes —desculpouse Asunción, en realidade sentíndoo máis por ela que pola demora.

—Sabes ben que non importa, o que de verdade me importa é que chegues e que non marches.

Os dous sorriron e nun tácito acordo ruborizáronse, coma se o simple feito de estar namorados os tivese que avergoñar. Mais Juan entendía a sincera preocupación de Asunción pois, xusto ese día, quedarán máis cedo ca de costume para formar parte da procesión do Venres Santo. Apuraron o camiñar, pero aínda así chegarían tarde porque había uns minutos que o Santo Cristo saíra da catedral.

Tomaron a decisión de dar un breve rodeo para intentar, dentro do posible, alcanzar a procesión cando estivese subindo pola rúa da Barreira antes de entrar na praza Maior. Talvez, pensou Juan, naquela especie de embude conseguirían pasar desapercibidos entre a multitude, algo nada sinxelo para un home acompañado da bela Asunción.

Correron con dedos entretecidos sen mirarse, pretendendo disimular os devezos, e ao cabo de dez minutos camufláronse cun prudente sixilo entre unha avalancha de abrigos negros e conciencias pecaminosas. Entón, no medio daquel lóbrego océano, refulxiron as ascuas de dous corazóns ardendo dentro dos corpos de quen, sen saber moi ben como, descobre que os soños poden converterse en realidade. A tremente man de Juan tenta con

avidez a cálida man de Asunción e aquelas xemas, agochadas entre as sombras, confesan miles de segredos sen falar. O pecado da carne deixa de existir e o mesmo Xesús, de costas e indiferente, semella dar a súa aprobación. Os ollos luminosos de Asunción buscan os iris enfeitizados de Juan e de súpeto, sen unha explicación plausible, o seu rostro muda nun xesto de incredulidade.

Asunción perde o sorriso eterno, conxela a súa alma, porque está conmocionada polo que olla.

Polo lado dereito achégase Juan González, o home que ela expulsou da súa vida como Deus apartara a Lucifer do ceo. E ese outro Juan, pola súa maldade, ben podería ser fillo do Anxo Caído. Xesta decátase de que algo non vai ben e busca con rapidez, co nerviosismo da presa acurrada, na dirección onde a mirada de Asunción permanece cravada.

Un mozo, de mirada altiva, avanza cara a eles con alancadas violentas. Descoñece quen é, pero deseguida detecta a carraxe que destila a súa faciana cando apenas está a tres metros de distancia. Logo, nunha vertixinosa secuencia, albisca na man de Juan González o escintileo dun obxecto metálico que non tarda en indentificar como unha pistola.

É consciente de que non terá tempo para escapar e de que aquel descoñecido, un verdugo contratado polo azar, vai dispararlle sen un motivo xustifico. De xeito intuitivo levanta as mans e pecha os ollos agardando, impasible, polo son dun disparo que estoupa nos seus oídos cun resón mortal. Sente unha presión no peito, unha forza natural que o empurra cara a atrás, mais axiña descobre que non foi a bala asasina o que lle fixo perder o equilibrio, senón o peso inerte dun corpo caendo nos seus brazos.

Está vivo e pensa que mellor sería estar morto. A turba enfurecida abaláncase sobre Juan González para detelo mentres Juan Pérez, berrando pola dor, abraza o corpo

agonizante de Asunción alcanzado polo proxectil dirixido cara a el.

Xesta aloumiña o seu pelo, bícaa nos beizos e píde-lle perdón. Ela bisba un leve «ámote» e antes de expirar, antes de apagar a luz, condena o seu asasino:

—Que envelleza no cárcere...

Comeza a chover, a auga bendita dilúe o sangue sobre as lousas do chan querendo borrar a cruel vileza, porén é imposible que logre eliminar da memoria o desconsolo dos presentes. Juan xira arredor de si mesmo, contempla absorto como todos se axeonllan en sinal de dó e como só permanecen de pé un bispo orgulloso e Xesucristo, o fillo de Deus, avergoñado do que seu pai concibiu.

As volutas dun fume azulino erixían figuras etéreas no teito cando o inspector Giráldez, cun ricto curioso, alzou a vista do manuscrito daquela muller que estaba diante del apagando unha cabicha no cinseiro. Un aceno indagador de Verónica semellaba solicitar a opinión do policía.

—Non son un gran lector, pero admito que ata a min me emociona como describe estes feitos reais –comentou Giráldez lembrando a placa colocada uns meses atrás na entrada do consistorio para homenaxear a Asunción González, a primeira vítima recoñecida de violencia de xénero na cidade.

—Grazas, de momento só se trata dun bosquexo que deberei dotar dunha maior énfase dramática. Como comprenderá escribo para un público concreto ao que lle gusta a traxedia e a el me debo –xustificouse a autora pola licenza que se permitira para alterar un tanto a realidade do histórico incidente.

—Coído que iso non constitúe ningún tipo de delito –Giráldez, lacónico, respondeu pretendendo ganar a confianza da escritora–. Que lle parece, Verónica, se seguimos

falando do que pasou despois de abandonar a vivenda da rúa de Velázquez?

—Por suposto, inspector, coído que son a primeira persoa que desexa aclarar todo isto. Anoitecía cando saín da casa dos avós e, como lle comentei con anterioridade, sentía a transcendental necesidade de percorrer os espazos por onde acaeceran as derradeiras horas de Asunción, acto que tamén implicaba visitar o punto final daquela desgraza.

Dende moi cativa sempre percibín un supersticioso desacougo ao traspasar as portas do cemiterio de San Francisco e ler esa frase aseverativa, real e crúa, que preside a entrada principal: «El término de la vida, aquí lo veis; el destino del alma, según obréis». Unha inquedaanza que a hora intempestiva na que entrei no camposanto, cando as sombras dos espíritos se mesturan coa iluminación das luces públicas, aínda resultou máis perturbadora. Unha absurda crenza que espantei repasando os nomes dos colegas de profesión alí enterrados como Otero Pedrayo ou Blanco Amor e outros ilustres que, con total seguridade, seguirán transcribindo as miles de historias contadas nas noites de lúa chea polos novos inquilinos.

Persigneime ao entrar para pregar polos defuntos e, asemade, coa intención de afastar os malos presaxios. Despois lembro que desviei os meus pasos cara á dereita, coñecedora de onde durmía Asunción. Sentei encima dun sartego tallado de estilo neogótico, mesmo en fronte da tumba da miña protagonista engalanada cunhas rosas de plástico e custodiada por unha peaña de pedra que, como seguro sabe vostede, sostén unha reprodución dun libro aberto de mármore onde se pode ler un gravado en relevo: ¡¡POBRE ASUNCIÓN!!, VIERNES SANTO DEL 91. Nin epitafios, nin outras referencias, só un laio petrificado resaltado naquela sinxela locución enclaustrada entre signos de admiración.

Foi Juan Pérez, o noivo de Asunción, quen mandara levantar aquel pequeno mausoleo como tributo imperecedoiro á súa amada. Por un intre imaxineino sentado alí no banco de madeira, recollido baixo o ciprés que fixera transplantar dende a Alameda, recitándolle poemas de Bécquer ou Espronceda mentres, como gotas douradas, as bolboretas amarelas pousaban sobre as flores do pequeno xardín que ordenara sementar para que ela, a bela Asunción, se puidese deitar na herba fresca nas calorosas noites de verán.

De todo iso, inspector, dese pasado só queda o libro de pedra e o pequeno toco da árbore que seica, por desgraza, cortaron cen anos despois como se o amor tivese tempo de prescrición. Do resto das miñas meras presuncións sospeitei que as chorumas migrarían a outros lares cando secasen as flores, talvez por non ter quen as regasen. Tamén permitín que a intuición colocase a *Xesta*, intentando enganar a dor, construíndo outra nova vida arredor dos estudos e da música. Sen decatarme, sen saber o porqué, estaba chorando con tanta enerxía que case non me dei conta da agre discusión que se estaba a producir moi preto de min. Entón...

—Entón... Que sucedeu Verónica? —apremouna con contundencia o inspector.

—Unha parella de idade madura, allea á miña presenza, emerxeu rifando entre as sepulturas cubertas a esas horas pola incipiente brétema. O home, medorento, situouse diante da lápida de Asunción e díxolle á aquela muller algo así como «Non o fagas! Perdóame! Foi un erro da xuventude». A muller, inmutable, respondeu cun ton metálico, «Se te perdoo endexamais volverei vivir», e dito iso ergueu a man dereita para efectuar dous disparos cunha pistola. O proxectil alcanzou no medio do peito, de forma certa, a persoa coa que mantiña a disputa. Aquel home, nun van intento por non caer, deu a volta e aferrouse ao

libro de mármore, quen sabe se suplicando axuda a Asunción. Emporiso, pouco a pouco, foi esvarando polo pedestal deixando un regueiro de sangue na pedra.

A asasina, decatándose de que non estaba soa, virouse cara a min pero non dixo nada, só amosaba un calmo aceso de satisfacción. Uns segundos despois ela desapareceu da escena cunha apresurada zancada e eu, aínda conmocionada, saín do cemiterio na procura dun teléfono, pois non tiña cobertura no móbil. Nun bar próximo, preocupados polo meu estado, deixáronme chamar a policía e o resto xa o sabe vostede.

—Podería ofrecernos unha descrición desa parella?

—Giráldez intentaba atar todos os cabos daquel extraordinario asunto.

—O home apenas o vin ben, medio oculto como estaba na escuridade. A muller, non obstante, si que podo caracterizala con bastante precisión. Era moi guapa, de idade indeterminada, ollos grandes e negros con pómulos ben definidos, beizos grosos e unha preciosa melena acibeche —afirmou con seguridade Verónica.

—Case podería ser a Asunción do seu relato —insinuou cun sorriso o inspector.

Verónica Silgar dispúñase a contestar cando a porta, de modo inesperado, se entreabriu un pouco e dous homes apareceron no limiar.

—Dá permiso para pasar? —solicitou o subinspector Tourón no nome de ambos.

—Entren, por favor —concedeu Giráldez albiscando a saída daquel labirinto.

—Emilio! Gracias a Deus. Inspector, preséntolle o meu editor, Emilio Lasarte, que de novo acode no meu rescate —explicoulle a escritora ao mando policial, logo de pegar un brinco e abrazar con efusión o acompañante do subinspector.

Emilio Lasarte colleu de ganchete a Verónica Silgar e adicoulle unha ollada interrogante ao inspector Giráldez.

Outra vez, a última, o inspector asentiu para permitir que Verónica marchase cos dous homes. Antes de que a porta se pechase tras deles, antes de regresar á soidade, aínda tivo tempo de escoitar a Emilio Lasarte falar afectuosamente con aquela muller abatida.

—Sinto que tiveses que esperar, Verónica, pero agora xa podemos ir para a casa. Tes aspecto de estar nerviosa, mellor toma esta pílula e nuns minutos estarás relaxada.

O inspector, tamén co cansazo reflectido no rostro, reclinouse na cadeira de brazos e deslizou o rato do ordenador para desbloquear a pantalla. A alarma de busca dunha desaparecida xurdiu diante del. A fotografía, tomada uns anos antes, coincidía co rostro da muller que acababa de abandonar a sala de interrogatorios. A imaxe de Verónica estaba acompañada, na parte inferior, por un texto que describía as características físicas da escritora e por un expediente adxunto, o enviado pola institución da que fuxira.

Verónica Silgar, 59 anos, nada o 23 de febreiro de 1960 en Ourense. Orfa dende os 9 anos por mor dun accidente aéreo onde faleceron os seus pais. A xustiza ditaminou a súa custodia a cargo dos avós maternos e, con posterioridade, tras unha revisión das autoridades correspondentes, pola avoa despois da morte do seu marido. Estudos superiores. Licenciada en Historia.

Ingresou nesta institución o 6 de xuño de 1994 a instancias dos órganos sanitarios competentes logo de sufrir unha violación e múltiples agresións físicas, o que lle causou diferentes tipos de traumas dos que non se recuperou na súa totalidade. O caso a día de hoxe segue sen resolverse.

Padece un trastorno de identidade asociativo, adoptando en varias ocasións a personalidade dunha escritora famosa e, ademais, amosa continuas confusións con datas

e períodos da súa vida. Entre outras secuelas está diagnosticada de hemicrania e ataques de ansiedade para os que require tratamento farmacolóxico.

Non manifesta condutas violentas, circunstancia pola que goza dunha liberdade moderada dentro do recinto, que lle permite realizar diversas tarefas que consideramos beneficiosas para a súa recuperación.

Persoas que recorda con bastante frecuencia: seus avós e unha persoa chamada Xoán, ao parecer un noivo da súa xuventude.

Ao fondo do documento asomaban en cursiva varios termos técnicos, a posoloxía da medicación que tomaba e, para finalizar, a elegante sinatura do médico que trataba a enferma, Emilio Lasarte, director da clínica psiquiátrica Los Olmos de Santiago de Compostela.

De novo o petar na porta fíxolle recuperar o fío da realidade.

—Adiante —ordenou máis que permitiu Giráldez.

—Xa marcharon, xefe. Pobre muller... —laiouse o sub-inspector, deixando derriba da mesa do seu superior o sumario do caso.

O inspector despregou, coma as cartas dunha baralla, o informe do caso para revisalo por terceira vez no transcurso desa xornada.

—Tivemos moita sorte, Tourón, de que os cans desen coa pistola e as luvas de coiro agochadas debaixo do canoto do ciprés. Se isto non sucedese ía ser complicado resolver este maldito quebracabezas.

—Vostede cre que o morto era o home que hai vinte e cinco anos agrediu e violou a Verónica Silgar? —a pregunta flotou no aire mentres Tourón non deixaba de mirar a foto do falecido.

—Será imposible demostralo, porén os indicios condúcennos ata esa conclusión. Todo indica que ela sempre soubo quen fora o violador, unha hipótese refrendada

pola opinión profesional de Emilio Lasarte. É difícil saber se por vergoña, pola presión social ou, talvez, polo bloque que sufriu foi incapaz de sinalalo como culpable. Verónica escapou hai dous días da clínica onde estaba ingresada, non se sabe moi ben como, e conseguiu subir a un tren con destino a Ourense. Persoa culta e intelixente, convenceu sen dificultade os veciños dos seus avós para que lle desen as chaves da casa ao identificarse como a neta de María.

—Por que tiñan eles esas chaves?

—A casa, un edificio cun bo valor no mercado, está á venda a través dunha xestora para cubrir os gastos de Verónica en Santiago. Seica eses veciños son os encargados de amosárllela a posibles compradores cobrando, segundo nos contaron, unha porcentaxe por facelo e, vai ti saber como, ela coñecía ese dato —aclarou Giráldez antes de continuar—. Tampouco logramos descubrir onde podía estar escondida a arma na vivenda, unha pistola Astra 400 de 9 mm que con toda seguridade era un «recordo» do avó da Guerra Civil. Se estaba ben resgardada da humidade non resulta tan estraño que funcionase e, menos aínda, que ela soubese empregala correctamente, dado que en tempos a instrución para utilizar armas supuña unha práctica do máis habitual nas familias dos militares.

—Por certo, acaban de chegar os resultados sobre o tránsito do teléfono móbil da vítima. Ao parecer ese día pola mañá recibiu unha chamada dende a cafetería onde se sabe que estivo Verónica tomando café —cortouno Tourón para ampliar os datos do informe policial.

—Non me sorprende. Interrogamos un camareiro e lembraba como unha señora, cun perfil similar ao de Verónica, lle preguntara se podía usar as páxinas amarelas e o teléfono do establecemento co pretexto de que estaba sen batería no seu móbil. A sorte volveuna acompañar e pronto debeu atopar o nome de Xoán Lousada

Diz, propietario dun negocio de electrodomésticos cuxo nome comercial era o mesmo ca o seu propio. Sospeito que, con estas premisas, a nosa asasina o convenceu para quedar no cemiterio e Xoán, guiado pola curiosidade ou vai saber ti o motivo, aceptou a proposta. Polo que descubrimos ata de agora o finado ten a mesma idade ca a nosa falsa escritora e, ademais, vive dende sempre na zona da Cidade Vella. Unha morea de coincidencias, de fíos mal cosidos pola deusa Fortuna, que parecen pechar un círculo que tardou moito tempo en facelo –finalizou Giráldez golpeando co dedo índice as fotos de Xoán Lousada.

—«Doce é a vinganza, sobre todo para as mulleres», escribiu Lord Byron –musitou Tourón a modo de sentenza.

O inspector ollou con interese o subinspector, un home peculiar que pasaba a maioría do seu tempo libre na biblioteca municipal. Seguro que lle gustaría ler e, moito máis, coñecer in situ a historia de Asunción González.

—Non creo que isto fose unha vinganza, senón máis ben unha especie de xustiza poética. Creo que Verónica, no seu delirio, levaba moito tempo argallando esta posta en escena coa que xustificar o castigo final. Nada é aleatorio neste caso: dous Juan, un Xoán, dúas épocas, dúas personalidades e dúas mortes na que esta última equilibraba a primeira. A loucura moitas veces achégase á perfección. En fin... Espérame abaixo, queres?


Pronto deixou de escoitar o eco das pisaduras do seu segundo no corredor e Giráldez, satisfeito con ese intre de pracenteira soidade, comezou a ordenar toda a documentación do caso. Ao rematar intentou, sen demasiado éxito, compoñer o nó da garabata diante dun espello mentres repasaba mentalmente as tarefas das próximas horas. Quizais, pensou, tivese media hora libre para tomar unha copa na praza Maior e brindar, non sabía con quen, por Verónica e a súa xustiza.

A xornada tocaba á súa fin, só quedaba recoller a bufanda vermella da alcándara e apagar as luces. Porén, cando ía facer isto último, a sombra dunha idea peregrina obrigouno a deterse en seco.

Cavilou que faltaba algo naquel minucioso informe, unha nota persoal que permanecese presa á áncora do tempo, unha pegada para que dentro de varias décadas un detective curioso puidese rastrear dous tráxicos sucesos separados, pero tamén unidos, por case 130 anos.

Volveu abrir o cartafol e no fondo do derradeiro folio, con letra miúda pero clara, o inspector Eusebio Giráldez, ao carón da súa sinatura, escribiu: POBRE VERÓNICA!!
VENRES SANTO DO 19.





A FROITA NO *KARITÉ*

Fabio Rivas

Primeiro accésit

I

O sol reloce gorentoso sobre as peles de ébano que brincan ao meu arredor. Brilla de tal forma que o meu reflexo se debuxa nunha caricatura sen graza nas fronteiras e nos torsos espidos, nos seus dentames de mármore. O boureo asolágame: hai quen atiza tambores sen descanso e hai quen chifra con instrumentos de óso; outros fan percusións batendo nos seus propios corpos. Todos me observan, anicada, e os meus ollos bailan, un por un, canda eles. Vexo os farrapos coloridos cos que os homes cobren as pernas, os peitos descubertos das mulleres que se abanean a cada paso, as costelas somerxéndose nos ventres dos meniños coma enormes vermes que se abren oco entre a carne. A boca sábeme á terra que as danzas elevan. Cheira a cítrico e a fresquíu.

A garulada soségase ao xurdiren tres figuras no limiar da chabola. Encabeza o grupo unha muller albina, tan anciá que as engurras lle caen polas meixelas tal que sucos sementados. Vén paseniño. Detrás dela, en procesión, dúas rapazas con marcas da vitilix, ergueitas na postura de quen se sabe mitificada. En cadansúas mans sosteñen diferentes ofrendas: a da dereita, espigada coma unha vara de acibeche e nata, trae unha ave suxeita polas ás; a da esquerda carga con firmeza unha bandexa de madeira chea de cuncas pintadas. A medida que pasan a carón do fato de persoas, os homes abaixan a testa respectuosamente e as mulleres contémpplanas engaioladas. Por un instante teño a sensación de que incluso os insectos confabulan para gardaren silencio.

A vella senta diante de min e as sentinelas depositan os elementos entre nós as dúas. Coa crista lánguida, a bubela non fai por fuxir. Nunca antes tivera unha tan preto. Rompo a tremer e, así e todo, non teño medo. Cunha voz afeitada á cerimonia, comeza a anciá a falar na súa lingua. Levo en Benín case dous meses e, a piques de regresar á casa, aínda non son quen de distinguir o *fon* do *ioruba*. O meu intérprete, Ben –así lle digo eu na miña incapacidade de lle pronunciar correctamente o nome–, traduce ao francés o que ela vai dicindo.

«Son Gbemisola. Serei eu quen te converta ao vodú».

—Antía –a man de Ben no meu ombreiro cólleme por sorpresa. Revírome cara a el e por vez primeira me decato de que as miñas pernas adormeceran–, estás segura do que vas facer?

É unha pregunta reiterada. O mesmo me preguntara unhas horas atrás, mentres percorríamos os vieiros do mercado fetichista da aldea, franqueados por postos con máscaras artesanais, coirazas de tartarugas, serpes disecadas ou caveiras do que pensaba que eran primates. Reiteiro tamén eu a resposta: estou.

—Pois a partir de agora xa non podo interromper –dime Ben–. Ti asinte amodo cada vez que fale e déixate facer, pero cóidate de mastigar moita noz de cola cando cha ofreza. Ten efectos alucinóxicos. Para eles é unha droga.

Ben diríxelle unhas palabras a Gbemisola e, tal e como a vella ergue os brazos, o balbordo retómase por onde o deixaran. A sacerdotisa bota man do paxaro, submisos, bramando unha homilía constante. Aproxima o pescozo á súa boca e, dunha soa mordida, desgárrallo. A bubela non parece inmutarse. Desde a tallada, verte directamente o sangue, que abrolla coma un gurgullo, nunha cunca baleira e comeza a moer co puño os ingredientes restantes. Gbemisola non para de berrar oracións que descoñezo;

eu non deixo de afirmar coa cabeza. Antes de mesturalo todo, molla a punta do índice no sangue e báixamo pola ponte do nariz ata a miña lingua. Non ten gusto ningún.

Os seus acenos son terribles, semellan unha sorte de xogo con malabares invisibles, talvez espirituais, coma se arredase nubes de insectos. As flexións da súa boca, os brúidos guturais de outrora, a saliva escorregándolle polo queixo. Os sopridos que parecen invocar o nome da tempestade. Estou completamente absorta. Non teño noción do que acontece máis alá de nós as dúas. Os bailes todos son xa cousa allea, insignificantes, unha burla ante a crueza que percibo de Gbemisola.

Colle unha das noces e cunha coitela esmiúza a metade sobre a mestura. O outro anaco, do tamaño do meu polgar, introdúcemo enteiro na boca e, ao encetalo, échese o padal dun sabor inmensamente amargo. A anciá nota o meu aceno e sorrí. Mentres mastigo, revolve no líquido co dedo e, cando o cre suficiente, abócame a cunca aos labios sinalando a súa gorxa para, interpreto, indicarme que me vai axudar a tragalo. Así o fago. Gbemisola parece satisfeita.

A sacerdotisa segue a remexer na apócema con mans arterias. Un pouco máis e viscoso coma o mel, outro pouco e maleable coma a arxila. Asemade moldea unha figura antropomorfa, eu xa comezo a me sentir atordada. A noz de cola, como predixera Ben, é tan intensa que me causa alucinacións: vexo ás costas da vella media ducia de cranios humanos mordendo o vento decontino. De súpeto, noto con máis fervor cada parte do meu corpo. As pupilas dilátanse ata rebordar e o sol castígame os ollos con furia. Debe ser cousa da droga.

Ben, en francés, apártame do meu ensimesmamento:
—Dállo agora.

Gbemisola téndeme a man mirándome en fite. Intento asentir, mais a miña cabeza oscila nun movemento

informe. Saco dun peto un pano bordado e ofrézollo torpemente. Eu mesma tecera, hai xa moitos anos, aquelas catro letras a punto de cruz sobre a tea. Aquelas catro letras. Aquel «papá».

Odio a meu pai por enriba de todas as cousas aptas para o odio. Ódoo, sinxelamente, con afouteza. Pero non o culpo: hai xente feita para ser odiada.

Si que o acuso, en cambio, de ser o motivo polo que mamá nos abandonou. Sempre o sinaliei como o causante de que en tantas ocasións recitara a soas o «que che fixen, mamá, para non me lebares contigo». Daquela eu non alcanzaba o metro e medio e sobrábanme dedos nas mans para contar os meus anos.

Coma unha mañá calquera, miña nai levárame á escola, e lembro que no enreixado da entrada me deu unha aperta tan forte que endexamais hei de esquecer. Ao regresar á casa, xa non estaba. Papá non pronunciara palabra no coche. Tampouco fóra. Enmudeceu moito, moito tempo.

Axiña se volveu fiel amigo da bebida. Se penso nel, vénme a súa imaxe emborrachándose deitado na mesma cama en que pasaba os días enteiros. Eu preocupábame, mais papá nin me miraba. Soamente choraba naquel mutismo absurdo.

«Onde está mamá?», e el xirábase. «Cando vai volver?», e sorbía os mocos.

Unha madrugada, poucas noites máis tarde, espertoume de repente un estrondo no corredor. Aí o estaba, tombado na porta do cuarto de baño, cos pantalóns polos xeonllos e mexado por el. Tratei de acudilo coas lágrimas percorréndome as meixelas e, a medio incorporar, berrou que o deixase en paz, que podía el só. Non oín outro berro coma ese ata coñecer a Gbemisola. Dubidei uns segundos pero decidín seguir intentándoo. «Lisca», dixó, e co empurrón que me deu fun bater coa caluga no canto

do lavabo. Perdín o senso. Cando acordei, papá roncaba coma un monstro no seu cuarto. Nunca máis me falou.

A avoa recolleume despois da escola, cara ao mediodía. Ela crioume, ben o sabe Deus, coa súa xentil bondade. Se Deus existe tamén ha saber canto choramos xuntas. Ela porfiaba en que tiña que perdoar a papá, que estaba pasando por un momento moi difícil. Que non sempre sería así. Chamouno depresión. Tras moito insistir, prometeume que cando medrase me contaría o que aconteceu con miña nai. A coitadiña, estea na gloria, finou no meu primeiro ano de universidade. Non volvín ver a papá: nin eu o busquei nin el fixo por me atopar.

A mañá que mamá decidiu fuxir, quedei orfa de pai.

E aquela mañá comecei a odialo.

Gbemisola enrola o pano no boneco coma quen envolve un morto co sudario. Recobre a tea cun chisco máis de masa e compáctao nunha especie de pera. Unha vez rematado, mostra o resultado, fachendosa, ao público que nos rodea. Volve reinar o silencio, pero eu atino a escoitar os latexos do meu corazón. A anciá dáme o boneco, lixeiro coma unha nube, e, deseguido, unha coitela. Non o penso dúas veces: espícholla no lombo con tal ímpeto que o atraveso ata mancarme na outra man. Non sinto a dor.

Finalizada a cerimonia, apenas teño folgos para me erguer. Pésame o corpo enteiro como se a gravidade se cebase comigo. Ben suxéitame polos brazos, pero logo duns primeiros pasos, fago un xesto para que me solte. Encamiñoame en liña recta, sen rumbo. Déixome levar á valga.

As miñas pegadas debuxan unha derrota de pés miúdos sobre os vieiros de terra. Nesta parte do mundo, a herba agroma de seu coa cor da palla seca. Teño a lingua enxoi-ta de tanto respirar coa boca aberta para non inxerir o cheirume do xurro. O abafo desmedido evapora a suor en

canto procura humedecerme. Máis nada ouzo o sol, alá no alto, burlándose de min. Facendo viseira coa man, ao lonxe consigo enxergar a árbore que busco. Aquí dinlle *karité*.

Ao acubillo da copa, trago saliva e aperto a mandíbula mentres esgazo o baixo da saia. Volvo cortar o galdrapo en pezas máis estreitas e ato os cabos para crear unha fita longa. Con facilidade, doulle dúas voltas arredor dunha póla do karité e anoo firmemente. Fago un lazo coa outra punta no pescozo do boneco.

Abandónoo pendurando coma unha froita cativa.

II

Hei de lembrar toda a vida o voluntariado en Benín. Tantas horas de avión –de Cotonú a Madrid, pasando por Francia, e de alí a Santiago– conceden moito tempo para pensar. En definitiva, a conclusión que saco destes tres meses é que non hai felicidade máis xenuína que a de quen aprende a vivir con pouco máis do necesario.

Os xogos dos cativos do orfanato son practicamente iguais ca os dos nosos devanceiros. Alá, a billarda ten outro nome, pero as normas coinciden: vence quen arrebola o pau máis lonxe. A cultura e a xente, a comida e os olores. En Benín ata o ceo posúe unha bóveda, por paradoxo, tan semellante coma distinta.

Devezo por lles falar ás rapazas de Ben, aínda sabendo que van conceder unha connotación sexual inexistente á fonda amizade que forxamos nunhas semanas. Non vexo o momento de rir coa cara que porán cando lles confese que me convertín ao vodú. Elas dicíanme que non fose, que se entolecera. «Que as rupturas se arranxan indo ao psicólogo e non a África, Antía». Elas que saberán. Cada unha pasa o loito como pode, e eu ben que o pasei.

Cando abro a porta da casa, María estame agardando cun sorriso mol. Dicímonos algunhas desas cousas que se din despois de moito tempo sen ver alguén con quen convives. Durante a tardiña bebemos tanto viño que, de chantarnos unha billa no embigo, nos poderían usar coma bocois. Dígolle que me cómpre descansar e respóndeme cos ollos abertos, coma quen lembra a catástrofe:

—Hai uns días pasou por aquí un vello esfarrapado. O paisano camiñaba retorto, como sementando. Deixouche unha carta, tela sobre a cama. Cóntasme en que carallo andas metida?

Respondo que non sei de que me fala e, inmediatamente, érgome e vou ao meu cuarto. Como dixo María, velaí a

carta. «Antía Couto», di o reverso do sobre. O segundo apelido está riscado. Comezo a ler.

Querido Pedro:

Se estás lendo esta carta significa que eu xa estou moi lonxe. Comezo así porque é como o fan nas películas e non se me ocorre outro modo de facelo sen romperche o corazón. Necesito antes de nada que comprendas que ti non tes a culpa. Tampouco a teño eu. Aquí non hai culpables.

Escriboche estas liñas con toda a dor do meu peito. Ti sempre me quixeches ben e desde a primeira aperta souben que así o farías para sempre. Fuches un compañeiro magnífico; aínda non inventaron palabras de gratitude suficientes para che agradecer todo o vivido. O amor que me profesaches, a familia que formamos. A pequena Antía...

Se cadra, foi esta intensidade tan prematura a que me levou a tomar a decisión. Agora que xa o vivimos todo tan só queda envellecermos na monotonía e, cando chegue o día, enterráresme ou enterrarte eu a ti. Pero eu non quero iso, non podo permitirmo. Vinte anos son case unha vida enteira, vinte anos para descubrir o oculto nas fochancas do camiño, mais eu teño a sensación de que esquecín determe a contemplar a paisaxe durante o traxecto.

Si, Pedro, coñecín un home. Estou convencida de que ti xa o imaxinabas. Ata hai ben pouco sabía do amor polo que me ensinaron as túas mans e agora estou aprendendo cousas que non contaba con saber. El trátame ben, quero e diría que tamén me quere. Imos percorrer o mundo como che dixen que algún día faría. Como dixo aqueloutro, comer o mundo e recuncar.

Agardo sinceramente que descubras como me perdoar e que, cando saibas facelo, sexas quen de ensinarllo a Antía. Son unha egoísta. Marcho, Pedro, sabendo que vós non merecedes isto.

Perdo a respiración durante uns segundos e noto a cabeza acugulada de sangue. Cando vou meter de novo a carta no sobre, decátome de que no interior hai outro papel. Desprégoo. É a páxina das necrolóxicas dun xornal, datado de hai quince días.

As letras maiores, en grosa, un nome: o de miña nai.
Nin meu pai nin eu aparecemos entre os familiares.

O taxi frea xusto ao bispel do edificio. Comprobo o reloxo electrónico do vehículo: case as catro e media da mañá. Baixo devagar, coma se non quixese chegar a onde me dirixo. No exterior corre unha brisa maina e tépeda. Por cortesía, premo o timbre uns segundos, pero non obteño resposta.

Non sendo por unha luz acesa no piso de meu pai, desde fóra observo a escuridade en todos os ollos do edificio. Non o podo chamar, non teño o seu teléfono. En cambio, aínda gardo as chaves do portal e da casa. Non sei moi ben por que. Talvez imaxinaba este día. A fechadura dá de si con facilidade e comezo a ascender os chanzos aos pares.

Abro a porta sen timbrar. O piso fica en penumbra e cheira á mestura de tabaco e humidade. Camiño polo corredor ás apalpadas ata dar co interruptor da luz. Segue no seu sitio. Púlsoo e contemplo o que me rodea. Todo está como o recordaba. As mesmas fotografías, cada unha en senllos lugares, cubertas dun po que as fai envellecer. O espello horizontal devolvéndome unha mirada chea de remorsos e tempos de vello. Un floreiro vedraño agardando que alguén lembre a súa existencia.

—Papá? —digo en voz alta. Ninguén responde—. Pedro?

Dou pasos ao retallo, cautelosa. Polas contas que boto, o cuarto que estaba iluminado debería ser o meu. Aí vou. Un pé, logo o outro, repítome. Unha ducia máis. A través da regaña cruza a luz do interior. Non erraba. Dubidando,

xiro o manubrio e abro a porta, que renxe nun berro enfermizo. Un calafrío percórreme o espiñazo.


O cuarto, baleiro, parece acabado de arrombar: a cama feita, cos peluches situados a xeito sobre o edredón impoluto; o escritorio comodamente preparado para facer os deberes do día seguinte; os libros ordenados nos andeis por cores e tamaños; as bonecas e as pelotas; o chan, limpo. Coma se o cuarto estivese esperando por min.

—Papá —digo de novo—, onde estás?

Diríxome ao seu cuarto, ao outro lado do salón, e comprobo que a porta está aberta. Dentro, a escuridade é absoluta. Alí vai máis fresco ca no resto da vivenda. Tamén a peste é máis fonda.

Os meus ollos tardan abondo en acostumarse á calixe, pero algo me di que non prenda a luz. Que non é necesario. Mesmo cos ollos pechados podo distinguir a silueta de meu pai danzando no aire. Un baile solitario e triste, co pescozo cara a un lado coma quen non entende o que ocorre. Aí está papá, no alto, pendurando coma o badalo dunha campá. Coma o péndulo dun reloxo de parede.

Coma unha froita no *karité*.



DISTOPÍA?

José Nicanor Alonso Álvarez

Segundo accésit

E mirei, cando o año abriu o primeiro dos sete selos, e oín que un dos catro animais berraba con voz de trebón: «Ven». E mirei e vin un cabalo branco. O seu cabaleiro tiña un arco. Déuselle unha coroa e saíu como vencedor e para seguir vencendo.

Apocalipse 6, 1-2

Sería ben doado agora dicir que aquel final era previsible. Mesmo martirizarnos coa idea de que o acontecido foi o xusto castigo á inacción de tantos. Pero non sería xusto. Xogabamos con regras distintas. Os detractores do cambio climático actuaban co convencemento do fanático, sen deixar espazo ningún á dúbida. Espallaban o seu negacionismo con agresividade e ameazas, e as súas teorías delirantes convertían as advertencias en escuros complots de supostos inimigos da humanidade. Todo era un invento que obedecía a inconfesables intereses económicos. Por sorte estaban eles para conxurar o perigo. Eles e a intelixencia artificial deseñando falsas noticias, medias verdades que acababan converténdose en dobres mentiras, e millóns de *bots* simulando ser seres de carne e óso, perfectamente conectados para espallar loias, nunha engrenaxe perfecta. A lombos daquel cabalo cabalgara o Anticristo da conspiranoia, vencendo todos os atrancos, esmagando calquera intento de endereitar o rumbo antes de que resultase imposible. Ata acadar o triunfo definitivo. Ao cabo, nada resulta máis doado que crer naquilo que se desexa.

Naturalmente, a verdade acabou por agromar, e o cambio climático acabou sendo tan evidente que negalo

resultaba un exercicio inútil. Pero xa era tarde de máis para reverter a situación. Desta volta o xinete do cabalo branco optou pola estratexia de minimizar os problemas. Tratábase de ver os acontecementos dende o prisma axeitado, valorando as vantaxes da nova situación e obviando as dificultades. Que sobe o nivel da auga? Pois tanto ten. Invistamos en novos recheos. Máis ganancia. Sobre as temperaturas, uns graos máis mesmo poderían ser beneficiosos. E tocante aos furacáns e treboadas, unicamente era cuestión de contar con recursos axeitados e ter ben adestrados os equipos de emerxencias. Para iso viviamos nun país desenvolvido. Por suposto, os que non tiñan esa fortuna non contaban. Como se argumentaba repetidamente nas redes sociais, eses xa vivían mal antes do cambio climático, non eran máis ca parasitos. Case podían considerarse subhumanos, e nada lles ía nin lles viña naquela lea.

Non ben acabou de vomitar, consultou o reloxo. Unha hora dende a vez anterior. Os intervalos ían acurtándose, sinal de que o tempo se esgotaba. Case sentiu alivio. Logo dunha mañá vagando pola cidade, o espectáculo era máis dantesco do que xamais imaxinara. O de menos era a ausencia de vida, a contemplación daquel páramo inerte que o arrodeaba. O máis grave era o silencio. Un silencio mesto, que impregnaba todo ata entorpecer a camiñada. A vila, ou o que quedaba dela, non era máis ca un inmenso cemiterio.

Sorteando ruínas, continuou pola rúa peonil do Calvario. Polo seu maxín pasaron imaxes doutras épocas, do pasado glorioso no que o mesmo percorrido era imposible sen esquivar unha e outra vez a marea humana que enchía de vida o barrio. Era tal a desolación que ata dubidou se estaba realmente no lugar de outrora. Se cadra estás soñando, ou a contaminación xa afecta ao teu

cerebro facéndoche ver o que non hai, pensou. Din que a radiación vai danando cada órgano por acumulación, e o iodo unicamente pode atrasar o proceso. Logo de dous días de camiño xa sufrira varias veces alucinacións, unhas terribles e outras agradables. Pero non era este o caso. Desolado, continuou avanzando, e nin sequera tapou o nariz cando unha lixeira brisa levantou unha espiral de po radioactivo, os restos da chuvia ácida que tantos anos despois aínda permanecían logo da derradeira explosión.

Cando chegou ao cruzamento de Urzaiz coa Gran Vía, decidiu continuar por esta última. Non tiña sentido ningún acceder a Príncipe, a crecida das augas situaba en Colón os novos límites da cidade. Nada quedaba do Areal ou da praza de Compostela. Non foi quen de reprimir un sorriso vendo ao lonxe a estatua do Sereo, muda testemuña do desastre. Totalmente rodeado polas augas, parecía un peixe saltando sobre a superficie. Só el gañara co cambio.

E cando abriu o segundo selo, oín que o segundo animal dicía: «Ven». E saíu outro cabalo vermello. Ao seu cabaleiro déuselle poder de quitar a paz da terra e facer que se degolen uns aos outros e déuselle tamén unha espada grande.

Apocalipse 6, 3-4

Durante un tempo, non aconteceu nada relevante. A capacidade da humanidade para adaptarse a calquera situación funcionou como amortecedor das tensións. As condicións de vida nos países máis desfavorecidos provocaban constantes revoltas, pero estas non chegaban a afectar ás sociedades desenvolvidas, dispostas a pagarlles ás elites corruptas dos estados máis pobres as cantidades necesarias para conter o éxodo dos desesperados que día tras día arriscaban as súas vidas intentando chegar ao paraíso soñado. Moreas de miserables cuxo número medraba imparable mentres os poderosos miraban para outro lado. Non se decataban de que o xerme da guerra estaba xa sementado, e unicamente era cuestión de tempo que agromase. Só faltaba que a mecha prendese no lugar axeitado. E aconteceu.

Non se trataba dun país especialmente problemático. De feito, aparentaba sortear con éxito as dificultades, a base de controlar as súas fronteiras cunha firmeza inusitada apenas contestada por unha exigua minoría da opinión pública. Co tempo, a poboación afíxose á violencia, converténdoa en algo cotián, un mal necesario, un recurso tan válido coma calquera outro para acadar o obxectivo de sentirse a salvo. E esa normalización da brutalidade resultou fatal máis adiante. De súpeto, quixo o azar que se encadeasen sen descanso varias catástrofes naturais. Violentos trebóns ocasionando imparables crecidas dos ríos e perda de colleitas, períodos de seca extrema que favoreceron terribles incendios, e algún terremoto seguido do correspondente tsunami. E como consecuencia desa

sucesión continua de desgrazas a pobreza comezou a ase-diar as clases medias, afeitas ata daquela a outro tipo de dificultades.

Sen apenas tempo para adaptarse, a distancia entre os que non tiñan nada e os que sobrevivían na penuria estreitouse tanto que os converteu a todos en desherdados, semellantes a aqueles miserables doutras terras aos que outrora desprezaran. E a represión resulta inútil cando o que protesta non ten nada que perder. Entón a alianza dos países máis desenvolvidos deixou de valer para controlar a situación social nuns parámetros razoables. As tensións deron paso ás advertencias, pasando logo a ameazas en absoluto disimuladas. E todo caeu coma un castelo de naipes. Un mísil de aviso destinado a un lugar deserto que por erro se desvía cara a outro habitado, a imprescindible resposta do agredido, a reacción do agresor inicial ante un castigo excesivo, e unha espiral de violencia que a cada volta abrangue un espazo maior.

Ao primeiro houbo intentos de que todo quedase nun conflito convencional. Uns centos de miles de mortos, se cadra dez ou vinte millóns no peor dos casos, e unha destrución coa que xa se refregaban as mans os futuros beneficiarios do maná que traerían os traballos de reconstrución. Mesmo había quen o consideraba unha magnífica noticia. No mundo sobraaba xente, e o acontecido supuña unha boa oportunidade para librarse de vez das moreas de miserables que non se resignaban á súa sorte, esixindo cada vez máis e máis. Desfacerse deles e logo enriquecerse coa prosperidade da anovada economía, ceibe de calquera lastre. Pero iniciadas as hostilidades, os xogos de alianzas impediron as tentativas de conter os enfrontamentos en niveis razoables. E inevitablemente chegou o desastre. A destrución total. O cabalo da guerra comezaba o seu galope. Un cabalo vermello, coma o sangue das incontables vítimas que ía causar.

Curiosamente, a estatua dos Redeiros mantíñase intacta. Observou aqueles mariñeiros inmortalizados no intre do esforzo supremo, as súas calvas cabezas brillantes pola chuvia ácida. Levou unha man á cabeza e sorriu ao retirala cuberta de pelo que se desprendía sen apenas resistencia. Volveu ollar cara á estatua, asentindo para si mesmo, riseiro. Non tardaría en ter algo en común con aqueles seres que desafiaban a destrución atómica.

Á metade do acceso pola aba da Gran Vía detívose. Outra volta regresaban as arcadas. Suaba, pois aínda sendo inverno a temperatura xa non obedecía criterio lóxico ningún, cambiando do frío intenso á calor máis insupportable sen importar a estación, nin se era día ou noite. Mediu a radiación. A pantalla do detector Geiger amosaba unha cifra de algo máis de quince mil milisieverts. Entre a dor de cabeza e a confusión que dominaba o seu cerebro era incapaz de recordar o nivel anterior, pero estaba seguro de que sendo tamén altísimo non chegaba a tanto. Con aquela exposición ningún ser vivo sobreviviría máis de un ou dous días, sufrindo unha terrible agonía. Non ía ser ese o seu caso, pois non estaba disposto a sufrir. Pero cumpría acadar o obxectivo. E sobrepoñéndose ás dores emprendeu de novo o camiño, indiferente ante unha pequena racha de aire que enchía de novo os seus pulmóns de veneno radioactivo.

E cando abriu o terceiro selo, oín que o terceiro animal dicía: «Ven». E mirei e vin un cabalo negro. O seu cabaleiro tiña unha balanza na man.

Apocalipse 6, 5

Como experto en análise de datos, recrutáranos xa nas primeiras semanas do conflito e trasladáronos a un lugar secreto ao pouco de saberse que aquilo non ía ser cousa de meses senón máis ben de anos. Aconteceu tal. A situación complicábase a un ritmo insospeitado. Sabíao porque dende o seu refuxio seguro tiña coñecemento do que ocorría en todas as partes, sen adornos que maquillasen a realidade. A guerra en toda a súa crueza, sen mentiras nin enfeites que a dulcificasen. Algo que por outra banda ninguén pretendía. De feito, para os mandos era preferible que aqueles homes se curtisen a xeito, que normalizasen o horror para que non lles tremese o pulso cando aconsellasen novas matanzas.

Apenas un ano despois de ser mobilizado, recibiu un expediente onde se informaba do destino fatal da súa vella cidade. Non se sorprendeu en absoluto. Ao cabo, era cuestión de tempo. Todas as simulacións por ordenador que realizaban sen descanso un día si e outro tamén para predecir ataques inimigos coincidían. Un lugar costeiro, protexido por unha ría, cun porto ao abeiro dos temporais onde resgardar buques de considerable calado... Daba igual o algoritmo que se aplicase, os programas asignaban a Vigo os niveis 1 de risco e 2 de prioridade, o que era tanto coma dicir que a sorte da cidade estaba botada. A súa vila natal entraba na segunda quenda. Ataque virulento, sen reparar nos medios nin medir as consecuencias, unha vez completada a destrución das megalópoles e cidades cunha poboación superior ao millón de habitantes.

Aínda sabendo que a súa cidade non ía ser evacuada e xa que logo a súa familia morrería con total probabilidade

no ataque, lera aquel informe cunha certa indiferenza, tal era o grao de deshumanización ao que chegara. De feito, cando soubo que a ofensiva comezara, cunha violencia mesmo superior á prevista, sentiu certo alivio. A fin sería rápida. Os seus seres queridos gozarían da fortuna de ser vítimas, sen necesidade de encarar a terrible realidade que lles agardaba aos sobreviventes cando rematase a guerra.

Porque a guerra rematou. Anos despois de iniciada, logo de que nun esforzo final, tras derivar nun todos contra todos, os países baleirasen os seus arsenais. E, se ben ao primeiro o armisticio semellaba unha boa noticia, non resultou tal. As explosións atómicas conxuntas tiveran un efecto multiplicador devastador, o que xerou unha inmensa nube radioactiva, un fungo fatal que provocou tal aumento da temperatura que acelerou o cambio climático ata o punto de reducir a unha década o que debía producirse nun século. Ao se derreter o xeo dos polos, algunhas cidades desapareceron completamente do mapa, engulidas polo mar, mentres outras perdían boa parte da súa superficie. En calquera caso, tampouco resultaban habitables. Por moitos anos manterían uns niveis de radiación mortíferos para calquera ser vivo.

De xeito que a paz non supuxo alivio ningún. Máis ben converteuse no sinal para a aparición do cabalo negro da fame, que se estendeu por todo o planeta transformando os poucos seres humanos que quedaban vagando sen rumbo polo mundo en bestas salvaxes, pendentes unicamente de conservar o pouco que tiñan e roubar o máis que puidesen. O mundo civilizado desaparecera de vez, para dar paso a unha sociedade cruel onde imperaba a lei do máis forte.

Por fin arribou á praza de España. Deitados no chan recoñeceu os restos dos cabalos que outrora coroaban a fonte. Estaban medio fundidos polas altas temperaturas

dalgunha explosión próxima, pero aínda así resultaban recoñecibles. Cruzou cara á outra banda do lugar, pero axiña recuou de novo para enfiar a suba cara ao monte do Castro. Non pagaba a pena gastar enerxías en percorrer ese camiño. Seguramente a praza de América compartiría o destino da Porta do Sol e xacería agora asolagada polo mar. Igual ca as praias, dende Samil ata Canido, desaparecidas como a illa de Toralla, cubertas por unha crecida que convertería o estadio de Balaídos nunha enorme piscina. Ademais, de baixar por ese lado da Gran Vía corría o risco de non ter forzas abondo para subir de novo. Lembrou a anterior medición do contador. Con aquela cifra de milisieverts era seguro que o dano cerebral xa comezara, e non conviña desperdiciar o tempo. Axiña sería incapaz de coordinar a xeito os seus movementos. E non podía permitirse fracasar agora, tan preto do obxectivo final.

E cando abriu o cuarto selo, oín a voz do cuarto animal que dicía: «Ven». E mirei e vin un cabalo cardoso. O seu cabaleiro chámase Morte e seguía o Hades. Déuselle o poder sobre a cuarta parte da terra, para matar coa espada, coa fame, co andazo e coas feras da terra.

Apocalipse 6, 7-8

Vivir ou morrer era unha lotaría con dúas opcións igual de dramáticas. A comida escaseaba, e boa parte da que se podía obter estaba contaminada, sen contar que para conseguila era preciso desafiar incontables perigos, pois o home era agora un lobo para o home. O clima deixara de ser algo predicible, con continuas oscilacións entre o frío máis intenso e a calor máis abafante, sen importar se era inverno ou verán. E por suposto as catástrofes naturais continuaron, se cadra con maior virulencia aínda.

Por suposto, a morte non se contentara só cos humanos. Tamén chegara ao mar. Entre o aumento da temperatura e a radiación, nin sequera a cor das augas era a de outrora. Quizais quedaban algunhas especies especialmente resistentes, pero como acontecía cos animais terrestres, os poucos exemplares que sobreviviran eran na súa meirande parte incapaces de reproducirse. Algo que curiosamente resultaba conveniente, pois como podía comprobarse en terra firme, cando a vida se abría camiño, as nais adoitaban parir monstros de varias cabezas ou cun número impar de extremidades. Nesa situación, pasar voluntariamente da banda dos vivos á dos mortos resultaba para moitos o camiño lóxico para evitar o sufrimento.

A loita pola supervivencia non lle afectou ao primeiro. Seguían precisando os seus servizos. Certamente, apenas quedaban equipos electrónicos que se puidesen utilizar, e os datos recollidos non eran en absoluto fiables, pero non existía unha alternativa mellor para determinar as accións

que había que seguir. O método para limitar no posible os danos, para decidir onde confinar a poboación con menor risco, deseñar espazos de uso exclusivo dos escollidos para salvar a especie humana. Ao cabo, a democracia era xa apenas un escuro recordo, e o sálvese quen poida era a única máxima para seguir no que quedaba do planeta logo da desfeita.

Uns meses despois de rematar o conflito entregou as súas conclusións. Un informe aséptico, coma se no canto de falar de vidas humanas estivese a tratar con entes abstractos sen existencia real. Incluía todo o necesario: estimación de poboación sostible, espazos seguros para ocupar, reservas para transportar, armas de disuasión imprescindibles, medidas disuasorias, castigos para aplicarlles aos reticentes, con motivo ou por dar exemplo, actividades orientadas á manipulación das consciencias... Acompañaba aquel expediente un memorando ultrasecreto cunha estimación da poboación que o planeta podía manter con comodidade considerando as novas condicións medioambientais. Malia saber as consecuencias, pois non era preciso ser moi intelixente para entender a que actuacións cirúrxicas conducía aquel informe, elaboráralo con profesionalidade, con precisión matemática. Non era o seu cometido establecer xuízos de valor, nin se sentía responsable do uso que outros farían dos seus coñecementos. En realidade, a aquelas alturas tampouco tiña claro o que estaba ben e o que estaba mal. As palabras como moral, ética, solidariedade, e moitas outras, morreran para sempre coa guerra.

Os responsables recibiron as novas con alborozo, aprestándose a tomar as medidas necesarias para rebaixar as tensións antes do golpe final. Así, recuperaron as técnicas do pasado, desta volta usando o boca a boca no canto das inexistentes redes sociais, para espallar noticias pesimistas, mesmo apocalípticas, sobre o infausto destino que lle agardaba á humanidade. Resultaba mellor fuxir

dese destino, para o cal o goberno lle facilitaba a todo o que a pedise unha pílula que garantía unha morte rápida e sen dor. E cumpría actuar con celeridade, non fose o caso de se esgotar as existencias. Foron moitos os que se apuntaron a esa solución. Unha vez ceibo, o cabalo da morte non se detén, convence a uns e outros. E a terra encheuse de cadáveres. Corpos que ninguén recollía nin eran aproveitados polos animais, pois a fauna que quedaba era demasiado escasa para tal cometido.

Como recompensa polo seu traballo, ofrecéronlle salvar o peello e formar parte das novas elites. A clase dirixente que, logo de eliminar os atrancos e desfacerse dos miserables, construíría un mundo mellor, evitando caer nos erros do pasado. Pero non lle interesaba. A morte non era en absoluto o peor que podía pasar. A verdadeira condena era vivir. Xa todo daba igual. Non tiña familia, ou como se dicía oficialmente, de seguir vivos andaban en paradoiro descoñecido, como se tal cousa fose posible nun mundo onde apenas había lugar onde sobrevivir. De xeito que decidiu regresar.

Ninguén intentou disuadilo. Tiveron a deferencia de trasladalo a un lugar non moi afastado da súa vella cidade, xusto na fronteira que marcaba o nivel de radiación aceptable. Dende alí calculaba chegar ao centro camiñando durante aproximadamente unha semana. Entregáronlle uns comprimidos de iodo que xamais tomou, analxésicos para un mes que xa estaba a piques de esgotar, e a pílula milagrosa para chegado o momento oportuno gozar dun tránsito apracible. Levaba tamén un contador Geiger para estimar en función das medicións o tempo que lle quedaba. E púxose en camiño, comprobando como o seu corpo se debilitaba co paso das horas, pero coa determinación de resistir ata cumprir o seu obxectivo. A súa vida acabaría no lugar onde comezara.

Mentres subía con dificultades a aba do monte do Castro, sentiu de súpeto uns intres de lucidez. Quizais pola altura, ou se cadra por esa melloría que din que precede a morte, notaba a cabeza despexada. Aproveitou para facer memoria do que fora o seu vagar dende que comezara o percorrido. Non estaba seguro, pero cría que debían ser case dúas semanas. Levállele máis tempo do previsto, tanto que xa pasaran un par de días sen que nin sequera a analxesia servise de moito. En parte a causa era a propia debilidade, unha deterioración a cada paso máis evidente, pero tamén lle afectaran os cambios que se produciran durante a súa ausencia, e que como consecuencia convertían en obsoletos os antigos medios técnicos para guiarse. A orografía xa non era a mesma, co mar cubrindo boa parte do que outrora fora terra firme. Xa non existían referencias como Cangas ou Moaña, e o novo nivel das augas transformaba a ría en algo irrecoñecible. Ás veces mesmo dubidaba de atoparse no mesmo planeta ca antes do conflito.

Chegado ao Castro, atravesou as ruínas da antiga fortaleza e dirixiuse cara ao miradoiro. Sentiu que aquel episodio de melloría fora unicamente un espellismo, pois as dores avivecían con máis forza ca nunca. Non aturaba a cabeza, e de súpeto comezou a sangrar polo nariz. Era preciso apresurarse, axiña ían comezar as hemorraxias internas e de deterse a coller folgos non sería quen de se poñer en camiño de novo. Por sorte quedaba xa moi pouco, o destino final estaba á vista. E nun último esforzo conseguiu chegar.


Por fin. Ao lonxe, as illas Cíes. A visión escollida para o *The End*. Pero non era unha paisaxe como a de antano. Da praia de Rodas só quedaba o recordo, e o que aparecía no horizonte non eran máis ca tres picos nus de vexetación, apenas tres agullas peladas asomando sobre as augas. Aínda así, pensou que pagara a pena. A decepción non era

unha opción. Tomara a decisión acertada, considerando as circunstancias.

A hemorraxia nasal combinábase agora con arcadas constantes que axiña abriron a porta a novos vómitos, e as dores estendíanse por todo o corpo. Era o intre de rematar, antes de que fallasen as escasas forzas coas que aínda contaba. Paseniño, tirou do peto a pílula milagrosa, que tragou nun suspiro. E, ollando cara ás Cíes, ou ao que quedaba delas, morreu, sen tempo sequera de pechar os ollos.



traducción



ANTOLOXÍA
POÉTICA

Tamara Andrés Padín

Primeiro premio

Datos da obra:

Autor: Vicent Andrés Estellés

Título: *Antoloxía poética* (a escolma foi feita pola persoa que traduce. Os datos de edición de cada poema achéganse ao final de cada un).

Lingua de publicación: valenciano

PRACER DA RÚA

A Isabel

A alegría pura da rúa
encheunos as mans de tenras presadas de auga
e riamos, babecamente riamos,
e en cada músculo albergabamos a auga viva do pracer
chegada de entre as herbas e as lebres.
Andabamos sen razón ningunha,
desexabámoslle boa noite ao matrimonio vello
e arrexuntabamos en silencio os corpos
ao ver aquela naiciña
dándolle de mamar ao fillo.

Vivir era para nós un agasallo,
un xílgaro de barro con dúas plumas pintadas de cores
[vivas,
un cabalgar de corceis de cartón, amarelos e verdes que,
coma nunha sardana de xoguete,
nos facían sinais e nos dicían:

[Adeus, adeus, amor! Xamais te esquecerei!

A vida era para nós unha sorpresa,
unha ra viva dentro do peto,
unha enorme cúpula de cristal,
un silencio, un desexo veloz, un estupor,
un reloxo parado que Alguén nos
dera para que por fin puidésemos abrillo,
como desexaramos desde nenos,
pero resulta que non había nada interesante alí dentro.
E volvemos rir!

O tempo estaba no aire. Daquela elevamos as mans
á procura de presadas de tempo. Pero o tempo tampouco
[estaba!

Só a alegría da rúa.

E os berros

—*Gol! Gol!*

dos nenos que xogaban ao fútbol
ao saír da escola.

Ciutat a cau d'orella (1953)

A SAN VICENT FERRER (Epístola con selo de urxencia)

No solpor

Escribo baixo unha lúa amarga coma o fel
(xa sei que isto non é nada do outro mundo...),
Próeme a alma coma se fose a planta un pé.
Pésanme os zapatos coma se fosen de chumbo.
Para serche sincero, non teño gana de escribir.
Agora mesmo só teño gana de rascar os xeonllos.
Sentei un intre mentres quenta a cea.
Abaixo escóitase a tenra melodía do Limelight.
No piso do lado, un meniño non deixa de chorar.
A miña muller leva días na cama.
Xa non temos gana de falar nin de dicir palabra.
Pola fiestra entra o algareo dos grilos.
Eu teño que escribirche, non queda outra.
Todos os poetas che escriben, e eu son un poeta.
Teño que escribir un poema a san Vicent Ferrer.
Velaquí estou, aquí me tes. Sinto que me arde a alma,
aquí, coma un talón que proe, ben amargo.
O fino aire do mar báteme nas costas.
Teño que dicir que fuches un gran valenciano?
Teño que dicir todo isto e aquilo da *nostra parla*
e teño que cantar a túa lucidez alá en Caspe
e o teu verbo, e a túa vontade de unión
nos mapas da Igrexa, e o gozo dos teus milagres,
e o teu nome coma pedra que cae, de súpeto, na auga?
Déixame afrouxar os cordóns dos zapatos.
Hei ficar en pé, descalzo, sobre as baldosas.
Direi unha ladaíña de catro cousas claras.
Afiarei a lingua, se queres, contra un bordo.
Lavarei as mans con xabón e auga.
Cortarei as unllas con moita atención.

Escoita: teño que loitar. Deus quéreme vencedor.
Non me deas, pois, a paz: quero gañala.
O meu corazón medra e medra coma o pan no forno
mentres eu vou, veño e volvo. Non me deas, pois, nin a paz
nin a serenidade: son soamente un luxo
e non é tempo de luxos. Quero ir e regresar
e facer o meu camiño, cada día, con fervor.
O meu camiño, as miñas cousas, quentes, miñas.
Dáme loita, do resto xa me encargo eu.
Que as palabras me sirvan concretamente coma pedras,
para guindalas a un río ou para tirarllas a alguén á cabeza.
Só che pido que me deixes en pé.
Dáme loita, pois non quero poñerme a adorar
os ídolos estúpidos das palabras, agora
que é tempo de collelas coma coitelos ou coma mazos.
É tempo de convertelas en lume e en chamas,
de dicir isto e aquilo con claridade e con tesón.
Dáme loita e motivos de pranto e de esperanza.
Se non tivese nada que dicir, cúbreme con barro a boca.
Non me deixes á beira da égloga e das dalias.
Non quero traizoar a quen loita, a quen ten sono ou fame.
Tampouco me deixes á beira do río das palabras.
Non quero saber nadar nin gardar ben a roupa.
Quero tirarme de cabeza e xogar ás claras.
Non me deas, pois, a paz. Pídoche outra cousa.
Tan só que me sosteñas quente e humano.
O camiño da espiña sempre conclúe na rosa.
Eu son un entre tantos: síntome un de entre os tantos
que cada día collen o tranvía e cada día choran
en silencio, case sen chorar.
Europa dóeme e dóenme os seus días de tristeza.
Europa dóeme e é unha dor ben quente e concreta,
coma o pan que murcha se non se mete no forno,
coma un pan que, entre os panos dun medo inconcreto,
medra e medra coma un baleiro tristísimo.

Chegou a hora de cruzalo cun coitelo,
chegou, por fin, a violenta hora da sazón.
Chegou a hora alta e clara dos corazóns e dos pés abertos.
De dicir o que manca. E de meter o pan no forno.
De incendiar as palabras e de converter o fume
no lenzo que colme o mundo, a tarde, outra vez o mundo.
Chegou a hora de falar alto e claro, san Vicent
(ou de sentar nunha pedra e calar para sempre?).

La nit (1956)

OS AMANTES

A carne quere carne
Ausiàs March

«Non había en València dous amantes coma nós».

Amabámonos con ferocidade desde a mañá ata a noite.
Lembro todo isto mentres tendes a roupa.
Pasaron anos, moitos anos, e tamén pasaron moitas cousas.
De súpeto aínda me azouta aquel vento ou o amor
e rodamos pola terra entre bicos e apertas.
Nós non entendemos o amor dun xeito amable
nin coma un hábito pacífico de compromiso e de roupas
(que nos desculpe aquí o casto señor López-Picó).
Érguese de súpeto coma un vello furacán
e guíndanos na terra, arrexúntanos, turra de nós.
Por veces teño desexado un amor cortés,
o tocadiscos en marcha e eu a bicarte
agora un músculo e despois o lóbulo dunha orella.
O noso amor é brusco e salvaxe
e temos a morriña da terra,
de andar a rebolos entre beixos e rabuñadas.
É primitivo, seino. Que queredes que faga!
Descoñecemos a Petrarca e descoñecemos moitas cousas,
como as *Estances* de Riba ou as *Rimas* de Bécquer.
Despois, estomballados na terra,
comprendemos que somos bárbaros, que non pode ser,
que xa non temos idade, que isto e mais o outro.

Non había en València dous amantes coma nós,
pero é que amantes coma nós existiron ben poucos.

Llibre de Meravelles (1971)

TESTAMENTO MURAL

...da mellor que xamais existiu.

Jordi de Sant Jordi

O teu nome e o meu escritos na parede,
naquela parede inzada de corazóns e de rúbricas,
naquela parede de últimas vontades
mentres se boquexaba de amor ou de pena,
naquela parede da escura escaleira
entre palabras tenras e palabras obscenas,
palabras que falaban dun amor invencible,
palabras que falaban dunha lembranza en carne viva,
palabras que rememoraban noites de pétalos e pracer
e a pornografía delirante duns debuxos
nunha convivencia na que me prace pensar.
Naquela parede suada polos amantes,
naquela parede de friccións ardentes,
regada de amores coma recio colchón,
o teu nome e o meu ferozmente enlazados
coma tamén se enlazaban as nosas coxas
na escura escaleira que evoco e cuxa localización
non compartirei mesmo que me torturen,
mesmo que me corten a cabeza.
O teu nome e o meu, ardentes, rabuñados
sobre as paredes daquel forno de xeso,
o teu nome e o meu rabuñados coas unllas,
rabuñados na bruta parede da escaleira,
con ansias de vivir, de perdurar,
cunha agonizante caligrafía dura,
entre cousas obscenas e cousas delicadas,
exclamacións brutais dun sexo poderoso,
anotacións inxenuas de caderno escolar,
notas sobre a marcha dos acontecementos,
aquel luxo de autógrafos auténticos e primarios.

O teu nome e o meu, máis que escritos, rabuñados,
aquele amor, o amor, amor de unllas e dentes.

Llibre de Meravelles (1971)

Asumirás a voz dun pobo,
e será a voz do teu pobo,
e serás, para sempre, pobo,
e sufrirás, e agardarás,
e andarás sempre entre o po,
e levarás tras de ti unha poeira,
e terás fame e sede,
non poderás escribir poemas
e calarás toda a noite
mentres os teus dormen,
e só ti ficarás esperto,
ficarás esperto por todos.
Non te pariron para durmir:
paríronte para velar
a longa noite do teu pobo.
Ti serás a palabra viva,
a palabra viva e amarga.
Xa non existirán as palabras,
só o home que asume a dor
do seu pobo, que é un silencio.
Deixarás de contar as sílabas
e de facer os nós da gravata:
serás un pobo andando
no medio dunha poeira amarga,
vida arriba e nacións arriba,
unha elevada condición.
Non todo será, porén, silencio,
pois dirás a palabra xusta
no intre exacto.
Non dirás a túa palabra
con vontade de transcender,
dirala con honestidade,
con furia, sen pensar
en ningunha posteridade,
agás a do teu pobo.

Quizais te maten, quizais se boten
a rir, quizais te delaten;
todo iso tanto ten.

O que conta é a consciencia
de non ser nada agás o pobo.

E ti, comprometido, xa elixiches:
detrás do teu silencio estrito,
camiñas con decisión.

Llibre de Meravelles (1971)

MAÑÁ SERÁ UNHA CANCIÓN

con dor, con gozo, con mal, con saúde

Pere March

Animal de lembranzas, lento e triste animal,
xa non vives, só lembrás. Xa non vives, só lembrás
ter vivido algunha vez nalgún lugar.
Felicidade suprema, a hora de escribir os versos.
Non os versos restelados e apurados que escribías,
senón os versos solemnes –solemnes?– da lembranza.
Permíteste lembrar cunha paisaxe e todo:
as butacas do cine, a película que se proxectaba
á que non fixestes, por suposto, ningún caso,
e evocas a Albereda, as ras do río,
as carcasas a abrirse no ceo da feira,
toda València en chamas na noite de san Xosé
mentres vós faciades o amor naquela terraza.
Animal de lembranzas, lento e triste animal,
agora rememoras e pensas na carne fresca e suave
pola que ascendían as túas mans e os teus bicos,
a gloria dunhas teas ledas e lixeiras,
os caleiros balorentos, a maleza entrañable
a crecer de súpeto entre algunhas tellas.
Animal de lembranzas, lento e triste animal.

Llibre de Meravelles (1971)

Non podo dicir o teu nome. Ou dicilo con negligencia.
Non podo dicir o teu nome. Certos días, certas noites,
sucédenme certas cousas. Sinto desexo por ti.
Convérteste, daquela, na miña única patria.
Non podo dicir o teu nome. Lanzal, tenra, cálida.
Terribilmente lanzal, erguida, coma unha patria.
Non podo dicir o teu nome. Porque, se o digo, heino dicir
con negligencia. Non podo dicir o teu nome.
Non é un desexo tan só sexual, marital.
É o desexo do río, e da saba, e da maleza.
É un instinto de patria. É o desexo da árbore,
e do ceo, e do cántaro, e da xerra, e da arxila.
De ser e de ser de forma plena e total: ter patria.
E unha patria libre, e luminosa, e alta.

Llibre d'exilis (1971)

FESTES DE LA NOVENÇANA

Tan só
lembro
unha chispa
matutina,
unha brisa nas cortinas,
a auga
viva
da
pía,
a auga fresca polo teu corpo, o teu corpo vivo coma unha
árbore
cheo de follas dentro da chuvia, dentro do vento.
Marchabas
ao
mercado
e
eu
mirábate
coa
cesta,
e
o
teu
corpo,
unha
graza
xovial,
e facíaseme
o
mundo
novo,
e facíaseme
o

mundo
inaugural.
Non
vou enumerar,
non enumero
os
teus
bens!

Ollábate,
gustábame ollarte.
E regresabas e deixabas sobre a mesa da cociña as
leitugas e as cebolas, os tomates, as laranxas, un
bodegón indómito.

Do
mar
chegaba
unha
brisa
salitrosa.
As montañas de Sagunt, toda a horta de Alboraiá.
Eu
escoitaba
a auga
brusca
da
pía
sobre
os
pratos
e
as

xerras
e
escribía
o
teu
nome
nas
paredes,
e
danzaban
nos
arames
as
sabas
os
mandís
e
tamén
un
suxeitador
embriagado pola brisa.

Primera audició (1971)

pai,
non sabías ler nin escribir.
non sabías de letras.

analfabeto: así é como se di de maneira expeditiva,
unha palabra que moito me magoa cada vez que a escoito
e que me parece insultantemente inxusta

cumpriría matizar
analfabeto non é unha palabra que se poida dicir á lixeira
guiado pola intuición, leváchesme aos mellores mestres de
[venosa,
e logo de roma,
e mesmo me deixaches ir a grecia.

como cho hei agradecer, pai.

lémbrome.
lémbrote de pé detrás de min.
eu escribía, sentado á mesa,
e ti ollabas os signos que eu trazaba
coma se estiveses a lellos
ou a sufrilos,
non sei.
por veces pedíasme que che lese o que levaba escrito.

non o entendías, pero intuíalo.
o meu latín xa non era o teu.

e logo calabas.

agora,
mentres escribo isto,
síntote detrás de min, ás miñas costas,
téñote ou necesítote.

por iso interrompín un himno a venus
e con devoción
che escribín isto,
pai.

Horacianes (1974)

XLII

moito amei a vida,
non como plenitude, cousa total,
senón, por poñer por caso, como me gusta a cociña,
agora un chisco deste mollo,
ah, e este ravo, e aquel allo tenro,
que me dicides desta pescada,
é sorprendente que existan as cereixas.

gústame así a vida,
coma este vaso de auga,
unha moza que pasa pola rúa,
este verde
 este pétalo
 aquilo
unha parella que se colle das mans e se mira aos ollos,
e todo sempre co seu minúsculo nomeciño,
coma este paxaro,
 aquele embigo,
coma o primeiro dente dun meniño.

Horacianes (1974)

Colocarédesme entre as mans a cruz
ou aquel rosario humilde, suado, luído,
daquelas horas de tristeza e de medo,
e xa ningunha diversión. Logo pecharedes
o cadaleito. Non quero que me vexan.
Á hora exacta quero que en Burjassot,
na mesma parroquia onde me bautizaron,
toquen a morto. Tamén me gustaría
que algunha señora da vila saíse
á rúa e preguntase: «Quen morreu?»
E que a resposta fose breve:
«O fillo do do pan, o que facía versos».
Ou aínda máis culto: «O neto maior
de Nadalet». Poñédeme as lentes.

El gran foc dels garbons (1975)

Traballo con moito amor un idioma
que ás veces me será censurado.

Penso niso, seino, pero non o podo evitar:
preciso dicir moitas cousas
polo futuro deste idioma que emprego.

Chegará o día no que o recoñezan.

Buscaranme, pero non me han atopar.

Sementes, dirán, pero en verso: que mágoa!

Les acaballes de Catul (1977)

Aquel olor que tiña o teu corpo...

Non era o olor dos corpos perfumados.

Era un olor coma de auga, elemental,
era un olor –e tampouco só iso–
de limpeza e de pulcra intimidade,
unha limpeza tenra como de follato,
fundamental, primordial, primeira.
Antes de facer o amor, eu perseguía
sobre a túa pel, palmo a palmo,
a fascinante orixe daquela olor
que, ben apetitoso, turraba de min
ata chegar o momento da vertixe,
e coma quen se lanza a unha piscina
ou coma quen se ducha con paixón,
eu caía sobre o teu corpo amadísimo
ou colocaba sobre min o teu,
que a miúdo me cubría, propicio,
coma follato ou coma chuisca.


Non era amor e ao tempo era máis ca iso.

Era un amor de forestal orixe,
un amor coma de chuvia na selva,
un amor de fondura telúrica,
que chegaba ata o comezo das árbores.

Les acaballes de Catul (1977)

Virá a morte e non estarei no leito,
nin no comedor, nin sentado no diván:
agardarei por ela no relanzo da escaleira
entre os pais que acaban de chegar da horta
vestidos dos pés á cabeza de domingo,
de azul mariño, a gravata torcida,
e nin sequera terá que entrar:
xa andando, direilles adeus desde a porta.
Evitaremos, acaso, os formulismos,
e todo haberá ser lixeiro e natural;
a miña morte, colléndome do brazo,
axudarame a baixar os chanzos.
Desculparase por chegar tarde,
pero é que antes tivo catro casos.

Pedres de foc (1980)



O MOUCHO GALEGO

Natalia Otero Oubiña

Primeiro accésit

Datos da obra:

Autor: Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos

Título: *El búho gallego*

Lingua de publicación: castelán

Lugar e ano de publicación: Santiago de Compostela, 1922

Editorial: Editorial Compostela

O MOUCHO GALEGO COAS DEMAIS AVES
DE ESPAÑA FACENDO CORTES.
PRESIDE A AGUIA REAL, COMO IMPERIAL
SEÑORA DE TODAS:

Xunta primeira

Era un día de abril florido no tempo en que a estrela Deusa, vencida na loita coa aurora, camiñaba cara ás fins da posta. Daquela, os non ensinados paxariños en discordes tons cantaban, melosa malia que confusamente, o triunfo da vencedora. Esta, máis apesurada de deixar o tálamo do seu doce amante ca gloriosa do vencemento presente, derramaba tenras lágrimas sen cesar e, no mesmo punto, o seu consorte convertíaa en perlas e fino alxofre. Viña pois o aposto mangallón subindo a costa do Oriente, botándolle a culpa da súa tardanza ó lento paso do Touro en que o cabaleiro dera tres voltas á esfera. Os seus dourados raios servían de tules que, nas máis altas fins das serras, prateaban carballos e douraban penas. Con estas voces mudas pregoaba a súa chegada.

Nese tempo o moucho galego, canso das longas, espazosas e lóbregas noites do frío do inverno e pensando ter algún descanso en tan ledó día, saíu ó souto do humilde Manzanares. Descoidado de ser visto por ninguén, sacudiu as súas ás do húmido orballo da noite. Desde o alto dun álamo, descubrírono unha manda de tordos ou *sanchicos* que cantaban en vasco. Xa porque estivesen envexosos de que o moucho madrugase antes ca eles,

xa porque envexasen outra virtude máis heroica que, se cadra, coñecían del e non lles estaba ben confesala, ou xa polo que fose, estes derramáronse polo prado e convocaron as demais aves de España para que, con razón ou sen ela, o obrigasen a deixar o prado.

As tales, polo amor que ós tordos tiñan, resolvéronse con fácil confusión e, xuntas en tropel, acometérono con furia francesa pensando desta vez non deixarlle unha pluma. O noso bufo, reportándose o que puido requiriu as súas armas e, afirmándose con boa postura, resistiu aquel primeiro ímpeto. Unha vez acougou e estaba xa en condicións de poder amosarlles con xuízo o pouco que elas tiveran en quere-lo ofender –porque non só non lles dera causa, senón que sempre lles fixera moi particulares beneficios, dignos de perpetuo agradecemento, limpan-do e gardándolles as súas terras e botando delas as aves árabes e africanas no tempo en que as tiñan ocupadas e postas en extrema necesidade– convenceunas de que o escoitasen con boas razóns.

Fíxolles un longo parlamento sobre os motivos que había para que, en vez de aborrecelo, o venerasen e reverenciasen. Non sei se por vérense atalladas e avergonzadas –porque o moucho probou terlles feito tantos favores no seu beneficio que con nada o poderían remunerar–, buscaron camiño, aínda que moi aveso, para saír de tantas obrigas. Facendo preito do caso, sen fundamento de razón nin dereito, atacárono a voces e, en cada palabra, foi calumniado o bufo polas demais aves sen recintaren estas virtude ningunha que nel houbese.

Determinaron que cada unha delas, por si e en nome da súa patria, lle declarasen as capitulacións ó moucho e que este satisfíxese por escrito tal acordo. Ó bufo, polo que mostrou no seu cariz, veulle isto moi ben e así, esquecidas as armas e desterrada toda cólera, xuntáronse todas á sombra dun chopo frondoso. Rodeaban o moucho galego

un tordo biscaíño, un lagarteiro navarro, un cuco aragonés, un miñado catalán, unha merliña de Valéncia, unha andoriña de Murcia, un pavo andaluz e un xílgaro portugués. Cerraron a roda o ganso castelán e o sisón manchego como donos do prado onde ficaban.

Sentaron dentro da roda de maneira que estaban en posesión do moucho, que a quen así as vise xuntas aquel día, mesmo lle parecería a Xunta de Cortes. E si que semellaba moito iso, a verdade, porque as aves, como dixen, colleron o voo e a defensa da súa patria cada unha por si para acusar o bufo e saír das obrigas que lles probara que tiñan. El, aldraxado de todo e desexoso por despexar de tebras as absurdas razóns que as súas émulas tiñan para aborrecelo, antes de que entrasen nunha disputa particular, preguntoulles en xeral se había algunha que de entre todas fose do seu bando ou, polo menos, que se atopase desapaixonada e sen lexítima causa de aborrecelo. E a verdade, aínda que estaba no certo de que ningunha das aves a tiña, fixo esta pregunta o moucho para, se algunha delas se mostrase desapaixonada, ver de facela xuíza da causa. Todas elas, conformes e por unanimidade, responderon ó unísono que non.

—Non pensedes —dixo o moucho— que pouco oufano quedo desa resposta que me dá aínda máis bríos para acender unha maior presunción, porque non hai cousa que máis pregoe e descubra a virtude que a envexa e o aborrecemento. E cando non se atopase outra razón para probarvos a todas que son superior, xa só con esa era bastante porque, a dicir verdade, nunca son envexados os súbditos fracos, tímidos, humildes, mal vestidos ou contrafeitos, senón aqueles que ocupan bos lugares e traen, por razón de máis nobreza, antigüidade ou limpeza, máis acción a ocupalos. E aínda que esta parte vos podería traer moitas consecuencias, bastante é a que temos entre mans, que é a de que non me poidades negar que a nación

española é por todos a máis aborrecida e odiada. Non penso que ignoredes a causa así que, de novo, quero eu referírvola da maneira que aquí veredes:

«Das partidas do mundo a mellor é sen dúbida Europa, figurada por unha pel de touro e, de Europa, a mellor provincia é España por ser a cabeza dese touro, cuxo cabo é Fisterra, en Galicia. Esta verdade é ben notoria ós cosmógrafos. Das vantaxes que ten esta provincia fronte ás demais do mundo en templos, valor, riquezas e dominio que teñen os naturais dela en máis medida ca todas as outras; da potestade con que as aseñoraron; da pouca estima que fan de todas as demais nacións; do valor supremo que todos recoñecen nela; disto nace, como digo, ese aborrecemento dos españois por todo este hemisferio. Agora pois –dixo o noso moucho–, se España, por ser a cabeza da pel que significa Europa é a mellor dela, pola mesma razón se segue que Galicia, a miña patria, é a mellor de España por ser cabo e cabeza desoutra cabeza.

E se aínda indagamos máis esta verdade, das provincias de España, a imitación das demais de Europa, ningunha hai tan aborrecida coma a galega, tal e como o mostrades no acto presente. Tanto, que algunha das vosas sentindo, falando e mirando os mouros naquel seu adaxio antigo –que é para fartarse de chorar que permaneza nas vosas terras a semente que aquela pestífera seita botou– adoitades dicir con eles “antes puto que gallego”, no que dades a entender que aborrecedes menos este vicio ca a nación galega. Que os mouros o digan non causa estrañeza por ser entre eles o tal vicio virtude. O meirande inimigo que teñen da súa seita é o Cristián, así que nese modo de falar dan a entender que ignoran que hai outros cristiáns alén dos galegos.

E aínda reforza máis esta verdade que cando cativan algún español que confesa ser galego, poucas veces lle reservan a vida. Nesta parte, non podemos dicir que os

maten por xente inútil xa que, se non os reservan para escravos por ser esta xente a máis robusta de España, en realidade temos que crer que é por aquela xenreira antiga que lles colleron desde que probaron con eles os seus aceiros. Ese é o inimigo que máis mal fai.

Disto, dedúcese que todos os que fosen deste parecer dos mouros serán da súa caste e descendencia ou, polo menos, non españois. Se o son, forzosamente han descender de galegos, montañeses e asturianos, porque aquel diluvio de aves árabes e africanas só estas terras deixaron de inundar. Así que, polo devandito, queda probado que o moucho galego, de todas as demais aves desta xunta, é o lexítimo e verdadeiro español e, polo tanto, quen máis dereito ten a este nome.»

Tan amarga lle foi esta conclusión a todas que, se non chega a vir a esta ocasión a aguia desde os fragueiros daquela real prosapia e descendencia de Austria a presidir aquela xunta, penso que todas cerrarían con ímpeto, coraxe, furia e saña o pobre bufo e non lle deixarían nin unha pluma. Tanto foi o consolo que infundiou no moucho a aguia vinda para tal ocasión, coma todo o contrario nas demais aves, ás que lles estampou unha tristeza e asombro increíbles por non poderen executar o seu intento. Estivo tan en si o noso bufo, que nin ledou nin triste fixo ningún daqueles movementos que facían as demais aves. Coa súa clara vista, a aguia real captou ben a intención e, por non mostrarse apaixonada, mandou a todas as aves que co debido respecto á súa persoa alegasen e falasen, pois daría a súa xustiza a quen entre elas a tivese.

Pasou a palabra bisbando en secreto e, polo que se entendeu, sentiron mal a asistencia da aguia naquela xunta, xa que repararon que en tres cousas do seu corpo —que outras non traía descubertas— se asemellaba máis á aguia o moucho ca ningunha das outras aves, como era no peteiro, nas uñas e nos ollos. Parecíalles que sería o

mesmo no interior, por cuxo motivo, e tamén para que non acendese máis a cólera da súa vista e as atallase con razóns, antes de coñeceren a resposta, pedíronlle enca-recidamente á aguia que mandase saír de alí o moucho e se lle nomease un procurador, coma se fixera outras veces por outros reis antecesores seus. A isto respondeu a aguia que, se xa prudentemente consideraran que en ningunha caza real de cetrería se excluía o moucho, non o mandasen saír sendo a ave máis importante. Ademais, ó nomearlle un procurador sen o seu consentimento non lle facían xustiza e a outra cousa non viñan. Engadiu que era xustiza que o propio bufo pola súa persoa defendese a propia causa e que, en negocio de tanta importancia, non se debía confiar nun procurador así que, sen réplica, proseguise no comentado.

As aves da xunta ó teren esta denegación, ben querían deixar a definición do caso para outra ocasión sen perdénlle o respecto á aguia, mais sentindo a súa determinada vontade, acordaron que Juancho Garibay, biscaíño, por ser o máis querido de todos, lese en suma e de maneira xeral as capitulacións ó bufo. Despois, cada unha das aves faría o mesmo pola súa patria en particular. Moito se refocilou Sancho Garibay pola elección que lle fixeran naquela xunta e, limpando o peteiro, esquecido daquel adaxio antigo de «ó bo calar chaman Sancho» –ou «Santo», dándolle equívoco sentido–, falou desta maneira:

—Invicta Raíña das aves deste Reino, só se con atención desedes ouvido ó meu oratorio e causa que ten esta nobre xunta, que é a de aborrecer e procurar a expulsión do moucho non só das xuntas, onde a túa real persoa asiste, senón de todas as súas provincias, espero o debido premio, que será a execución do meu intento.

—Prosigue –dixo a aguia.

E o tordo, atando o cabo do seu último acento a outro que tiña formado no peteiro, dixo:

—O moucho, por ser ave nocturna inimiga da luz, de abominable pluma e traxe, agás que houbese outra causa, non merece asento no mesmo lugar ca as aves diúrnas, de rico e cortesán atavío, de suave e agradable vista, limpas e apracibles, que se sustentan de grans puros e que, publicamente, festexan e acompañan a Vosa Maxestade enfeitadas de lucidas galas coas que máis pregoar a súa grandeza, a cal tan ben se coñece na que teñen os seus súbditos. Cousas todas das que carece o moucho, criado nas montañas e cavernas de Galicia, tan basto no seu modo de orar, que non ten palabra ben soante nin pensamento que a cousa de valor aspire.

A todo isto o moucho, que estaba presente, quixo interromper a cháchara. A aguia, con só miralo, mandouno calar e ela mesma lle dixo ó tordo:

—Non me parece que sexa mal pensamento o do moucho, pois aspira ó nome de lexítimo español. Mirade o que alegades, que se non me serve para festexos e para acompañarme na corte, mellor me ha servir para os lugares ásperos e cheos de moitos perigos, vida ben desviada das delicias da corte para a que non valen galas. Prosigue con isto.

Non tivo nada que alegar o bufo e Juancho pasou para adiante, dicindo:

—Como criado nos pantanos e canavais da súa terra e na destas aves, o moucho exerce cada día oficios indecentes, limpando os campos, os pozos negros e outras cousas noxentas por codicia dun real que se lle dá.

—Para querer escurecer o moucho —dixo a aguia—, moi amigo da limpeza mo pintades!

Proseguindo o tordo, dixo tantas cousas en oprobio do bufo, que contalas sería o nunca acabar. Finalmente, concluíu dicindo:

—Así que, señora, non só non cómpre á vosa grandeza que ave tan baixa e pobre aspire a ter nome de lexítimo

e verdadeiro español, como intentou nesta xunta, senón que ten que ser privada de asento e asistencia nas xuntas ás que a túa real persoa asista e excluía de todas as provincias.

—Ben vos oín —dixo a aguiá— pero para determinar este caso debo escoitar o moucho, por se satisfai a vosa acusación ou se a consente e se fía de min, que darei as xustizas a quen as tiver.

Volvendo os ollos cara ó moucho, que coa súa modestia estaba en silencio coas demais aves da xunta, díxolle:

—Quen cala, consente. Vós, moucho, como tardades tanto en responder esta acusación? Pasades por ela?

—Non, señora —dixo o bufo—, pero estaba suspenso pensando se tería alguén da miña parte que volveuse por min no caso de que, por tomar tanta licenza coma o tor-do, fose necesario acudir ás armas. E como non hai ningún, fiado no amparo de Vosa Maxestade e nas forzas das miñas uñas, ousarei dicir o que agora se me ofrece contra a acusación que me puxo Juancho Garibay, biscaíño, de quen estou certo non poder ser vencido máis ca en palabras. E visto que as súas son de tan pouca substancia que non conclúen nin proban contra o que teño dito, ben querería polo que a min me toca, non cansarme en responder. Pero, por ser negocio que alcanza a toda a miña provincia, coa vosa licenza imperial, señora, responderei á súa calumnia o máis brando que poida, que nunca tiven eu ánimo de mostrarme bravo con aves tan humildes e de tan febles forzas coma Sancho Garibay. Antes de nada, declaro que se a miña resposta resultase penada debido ó seu mal peito, non se me poida culpar a min de mal intencionado. Deléitome de que de min non saíu empezar a falar mal de ningunha nación nin de ser o axitador desta lameira.

»Das miñas viñas veño e digo que canto á acusación principal de que os mouchos por sermos aves nocturnas

non merecemos asento coas diúrnas, desa razón, saco que me toca de primeiro, pois toda a xornada se reparte igual entre min e o resto das aves, cabéndome a min sempre a de máis traballo e levando a carga de limpar, roldar e velar as lóbregas noites sen esperar axuda de ningunha outra ave. E se ó traballo segue o premio, en rigor xa a min só se me debe tanto coma a todas as demais xuntas. E malia que disto puidese ter algunha queixa destas aves, máis sinto o pouco senso que tiveron en nomear a Juancho como o seu procurador, podendo ser outra ave que fose natural española.»

Ó oír isto, Juancho Garibay enturbado e desconcertado, esquecido do debido acatamento á persoa real e sen pedirlle a licenza acostumada, interrompeu o discurso furiosamente e dixo a carpir:

—E logo eu non son español?

Escachando coa risa, retrousoulle o noso moucho:

—Agora o ignorades?

Alborotouse Sancho aínda máis e díxolle o bufo:

—Non penses que é ficción miña, pero acouga, encamiñareite para que saias desa dúbida.

Precedida pola súa parte a cerimonia acostumada e postos os ollos na aguia, empezou a dicir:

—Marco Orologio, autor antiquísimo italiano que escribiu sobre as provincias de Europa, dos seus naturais, os seus habitantes e as súas derivacións, nun dos seus libros que trata sobre a España –libro terceiro, capítulo dezasete– di estas palabras: “cando os godos viñeron a España para ocupala, trouxeron consigo un gran número de escravos xudíos que a man de Tito Vespasiano reservou da morte cando destruíu Xerusalén. O propio Tito deulle a estes o nome que lles conviña de *biscaíns*, por imitadores de Caín, quen por envexa matou o irmán, o xusto Abel e, estes tamén por envexa, ó verdadeiro Abel; é dicir, a Cristo Noso Señor. Os propios godos apelaron

con este nome estes escravos e servíronse deles para que lles labrasen e para que lles beneficiasen as armas e outros útiles necesarios para a guerra.

»Despois de que estes godos gañasen a guerra a España e a aseñorasen pacificamente dándolle leis, tomaron modo por razón de Estado, como expeler de entre si estes escravos xudíos por encontrarse por eles ben servidos. Querendo por isto reservarlles a vida, sinaláronlles as terras en que vivir á parte e puxéronlle de graves penas non falar na lingua dos nobres godos nin noutra máis ca na súa e non saír desas terras que lles sinalaron, unhas asperísimas montañas nos confíns de España que as dividen da Galia.

»Mandáronlles que se diferenciasen en traxes e vestiduras dos nobres godos, pensando que a aspereza daquelas montañas faría parte para acabar con eles, porque nelas só se coñecía o ferro por froito e non outra cousa, que é o que hoxe en día os sustenta. Tamén os obrigaron a que todos eles os beneficiasen e, desde España, enviábanlles sustento. Estes *biceyzaines* deron nome a estas montañas, Biscaia e, hoxe, consérvanse lingua e hábito nela diferentes de todas as demais nacións de Europa, en todo e en parte, cousa que non se acha en ningunha delas.

»A causa foi porque durante moitos anos non puideron saír destas montañas nin ningunha outra nación lles consentiu entrar na súa patria. Tiveron moitos anos a lei de Muisén, a súa propia mesquita, rabí e sacerdote, como aínda o testifican hoxe en día, non sen gran misterio dos ceos, os nomes dos lugares onde tiveron asento. Chámase Amezquita o lugar da mesquita e Aro o do sacerdote Aron, polo nome daquel rei antigo da súa lei. Fonterrabí, o do rabí, debeu de ser porque lla fundaron, coma en Castilla Fuente el Maestre, que llo fundou un mestre de Santiago. Continuaron sempre aqueles exercicios para os que foron compellidos e, a día de hoxe, labran todo xénero de armas, barcos, naves e outras cousas que lles

ensinou a necesidade en máis abundancia ca no restante de toda España.»

Veuse o tordo atallado polo texto e o autor citado, coa forza da razón que dan o modo e o tempo, reforzada cos costumes e as etimoloxías. Ignorando que dicir e reben-tando por falar, sacou do seu peitiño un mal parto sen días, que así se lle pode chamar por tan mal lucirse ó dicir:

—Como é posible, invicta Raíña, que sexa verdade a autoridade que alega o moucho, se a tradición antiga de Biscaia constata o contrario? Tense por cousa asentada que douscentos anos antes de que Cristo viñese ó mundo e trescentos despois, igual ca outras nacións traían por armas unha serpe ou un león, traían os biscaíños unha Cruz.

—Con licenza de Vosa Maxestade —dixo o moucho—, non sei en que contradí Sancho Garibay o que di Marco Orologio, autor grave e antiquísimo. Mesmo concorda coa súa autoridade, falando en prexuízo de Juancho e da súa república.

—Vós errastes o adaxio —díxolle a agúa ó tordo.

E o moucho proseguiu:

—De que antes de que Cristo viñese ó mundo traían por armas a Cruz, dedúcese que xa era xente humillada porque naquel tempo a Cruz era ignominia, coma neste a forza. Que a trouxesen trescentos anos despois da chegada de Cristo tampouco contradí a devandita autoridade. Aínda penso que foron moitos máis, polo que se entende que os nobres godos os obrigaron a que a trouxesen todos, coma agora os cristiáns ós condenados a penitencia polo Santo Oficio da Inquisición. Os biscaíños trouxérona ata que veu sobre os godos aquel case xeral dioivo de árabes e africanos. Daquela tiveron oportunidade de quitarlla e trocala por dous cabróns ou cabras, que son hoxe as armas de Biscaia e da meirande parte dos seus naturais. E entón, tiveron ocasión estes biscaíños de saíren

en gran número destas montañas e de asentaren en toda Castela, A Mancha e Andalucía, onde perseveraron nos seus ritos ata que a católica Maxestade do rei don Fernando os expulsou da súa coroa e se acolleron á de Portugal. Confirma isto a mudanza de armas e insignias que tiveron e teñen, que se por devoción trouxesen a Cruz conservárlana, coma na miña patria, Galicia. E non unha, senón seis adornan e orlan o escudo da Custodia do Santísimo Sacramento que ten por armas aquel antigo e cristianísimo [Reino], en memoria de que nunca faltou nesta terra desde a primeira vez que se celebrou, no tempo dos sagrados Apóstolos. Tamén confirma a autoridade de Orologio a opinión dos biscaíños, que a imitación dos hebreos mosaicos, non quixeron ter Rei nin suxeitarse a el.

—Cese ese coloquio –dixo a aguia–, que me parece longo e acábanos o día. Que quede sinalado outro en que remate a determinación desta disputa e que ningún deste lugar sexa ousado de tratar o caso.

Tras dicir isto a aguia, ela mais Febo xuntos foron deixando o prado. Ó marcharen todas as demais aves, o miñato xuroullas ó moucho. Alzando o pé dereito e tendendo a garra, tan só dixo:

—*Cata la uña!*

E coa mesma brevidade retrucoulle o moucho na súa lingua galega:

—*Catala han!*

E así, sen pensalo, polos dous foi declarada a etimoloxía do miñato de Catalunya e dos seus cataláns. O pavo andaluz con arrogancia, véndose ás escuras e revirada a face cara ó Oriente, dixo con despeito:

—*Anda, luz!*

Este foi o último acento desta xunta e quedou acordado que o primeiro día sinalado, nese lugar mesmo, fosen congregadas por segunda vez e sen faltar ningunha todas as aves que hoxe alí estaban presentes á determinación

do artigo. Tamén a Súa Maxestade estaría presente para tratar o asunto sobre o que se celebrara esta xunta.

Xunta segunda

Coroaba Guadarrama de ouro a súa nevada cabeza e Febo, coa súa vista de presa, desterraba dos nosos horizontes as tebras, sementando o verde souto do Patrón de España de perlas e alxofre na mañá do día no que Orfeo se acompaña, ó recibir da alborada, de Filipo. Neste día, pois, ó pé do mesmo chopo onde se celebrara a xunta pasada, atopáronse xa por segunda vez as aves congregadas sen que faltase máis ca unha, de nome Sancho Garibay, biscaíño, de quen se dixerá que finxía estar enfermo por escapar da cara do moucho e non verse nela colorado. Estando plena a xunta en cónclave, enviou escusas.

O noso moucho estaba neutral, sen comunicarse con ningunha das aves e agardando o Advento coma se fose un dos Santos Pais. Cando menos o esperaba, oíu o manso ruído que soaba dende o austro e, tendendo a vista dos seus fermosos ollos, viu que da parte destra, voando con rostro alegre, viña a aguia real. Feliz sorte tivo o noso bufo de ser o primeiro en descubrir tan bo agoiro e, por el, atribuíuse a boa fortuna que isto concede. Nun instante, modesta e soberana, mostrouse no medio da xunta e, componendo as súas reais ás, ocupou o seu asento.

Tras referir o secretario os últimos acentos da pasada xunta, mandou Súa Maxestade que se proseguise porque pensaba deixar determinado o caso ese día. Mais por faltar como dixemos o tordo biscaíño, de cuxo estudo da súa acusación todas as aves se descoidaran, ningunha tivo a afouteza de ser a primeira e, mirando unhas para as outras, a todas, como se di, lles tremelicaba a barba. Por non determinarse ningunha, díxolle a aguia ó moucho:

—Paréceme que por esta vez queda o campo para ti, pois pola falta de Juancho Garibay ninguén ousa entrar contigo.

Respondeu o bufo con máis licenza da que debía:

—Eu quero, señora, obrigar a todas a que digan de min todo o que sintan porque, a dicir verdade, no substancial véxome superior a todas e dareille causas bastantes con que declararlles as etimoloxías dos seus nomes, que non sen gran misterio lles outorgou o poderoso Autor da natureza. Tal e como comecei este artigo na pasada xunta, non será fóra de propósito proseguilo agora, coa vosa licenza, desde os últimos acentos en que quedou rematado.

—En boa hora —dixo a aguia.

O noso moucho, coa fronte enrugada e os ollos encamisados meteuse en cólera, virouse cara á xunta e dixo en voz alta:

—O que teño dito das etimoloxías do tordo biscaíño, do miñato catalán, do pavo andaluz e das demais é a mesma verdade na que me afirmo e, como non teño nada que agradecer a ningunha das que non me acusaron, reparen, que vai de etimoloxías. Así pois, o cuco aragonés estame mirando fito a fito. Eu digo que cuco é o mesmo ca *coco* e referir o seu nome soa aínda peor en lingua galega, xa que vén dos seus costumes que para acovardar un inocente lle adoitamos dicir «aí che vén o coco». Así, as humildes aves foxen desta perversa que só se sustenta do sangue e a suor alleos, comendo ás coitadas os poliños nos ovos. E aínda non se contenta con isto, senón que, enganándoas, fainas criar e alimentar os seus para redimirse do traballo da crianza.

»Aragón e *haragán* non difiren en nada e, polo tanto, con razón vén a ser o último porque nesta nación, por preguiceiros folgazáns, consentiron as aves árabes e africanas cos seus perniciosos ritos durante máis de oitocentos anos porque lles daban sustento. A día de hoxe carecen del por desbotarlle Vosa Maxestade aquela maldita peste das súas terras, das que eran señorío para ben e para mal.

»Sobre o miñato catalán, ave de rapina de cuxa etimoloxía xa se falou na pasada xunta, da súa natural inclinación e das obras dos seus cataláns, déixase entender

que lle acae ben o nome. Por esta razón, pasaremos ó lagarteiro navarro, ó que ben chaman *cernícalo*, que é o mesmo ca *cierno* e *calo*, cousa que esta nación facía de ordinario de norte a sur, planando de Francia a España, agora francés, agora español. Se ben se di que en calquera corazón de navarro fica estampada unha flor de lis, xa se ve que o exercicio desta convén co nome, xa que está continuamente planando coas ás moi calada. Cádralle ben o nome de lagarteiro ou *cernícalo* por ser ave de natureza móbil que non é quen de ter asento coas que a pretenden.

Ás chamadas *mirlas* de València preguntoulles un capitán seu, que deixándoas vencidas de cristiáns se acolleu a África, se querían algo para alá e, unha por todas, non ousando declarar por temor dos vencedores, díxolle, coa intención encuberta no seu mesmo nome: «Quero m-ir lá», coma se dixese que o que querían, se fose posible, era ir para alá con el. Mostraron ben este desexo en todas as ocasións que se lles ofreceron con aves árabes e africanas, pois sempre facían que eran do seu bando. València é o mesmo ca *balanza* como ben proba aquel antigo romance, que di:

Ai, València, ai, València!
con lume sexas queimada,
seis veces fuches de Mouros,
seis por cristiáns gañada.

Acomódase isto á súa natural inclinación: aves afagado-riñas, de ramo en ramo e de flor en flor, que non son para o frío nin para a calor. Elas nada máis que a campar e a cantar nas mañanciñas e nas tardes do verán. E isto, non fóra das delicias das hortas e xardíns que hai en abundancia na súa patria, mais cun caraveliño no peteiro xa se sustentan todo o ano. É boa mágoa facerlles mal ás merliñas, que aínda elas non llo saben facer a ninguén!

Pasemos agora á andoriña, que aínda que unha non fai verán, haiche moitas en Murcia. Malia ser verdade que estas aves son africanas, a min non me fixeron mal, nin por esta razón poden ter tal pretensión comigo. A verdade é que en tempo de frío, rigor ou traballo non se encontra ningunha. Alá van para a súa patria e sempre nos traen a boa nova de que vén o verán. Consigo teñen o gran moucho dos Vélez e outros moitos da miña terra con quen as teñen persoalmente.

O xílgaro portugués é veciño meu. Os finos saíron da miña patria e antes deles recibo gusto ca dano algún porque me entreteñen con sonoros pasos de garganta. É músico. Os xílgaros antes deleitan do que enfadan e non digo isto por gratitude, que licenza teñen para dicir o que souberen, agora ben, estou certo que os que desta nación falasen mal da miña, serán aves mosaicas e as que non o son, se o fixesen, falarán de si mesmas.

Con isto pareceu que dera fin o noso moucho ó seu discurso porque estivo un bo anaco en silencio. A aguia preguntoulle se lle dera algún vaído e a ver por que non proseguía coas súas etimoloxías, das que gustaba de escoitar e aínda lle faltaban a do ganso e a do sisón. Díxolle ó moucho que non se turbase, que ninguén na súa presenza lle faría agravio.

—Non pense Vosa Maxestade —dixo o moucho— que nin por ese respecto nin porque falte materia deixei de falar das etimoloxías do ganso castelán e do sisón manchego. Non se funda niso o meu silencio, senón nunha xenerosa cortesía que se debe ter cos hóspedes, de quen non só non recibo agravio, senón un bo trato e hospedaxe. E como estas dúas aves mo deron moi bo, non lle darei endexamáis ocasión para que poidan dicir de verdade que recibiron mal galardón de min, mentres non me dean motivos. Se esta procedese, perdoe e repare todo o mundo a quen tamén lle sea notoria a etimoloxía do meu nome.

Volvéndose a encolerizar, dixo:

—Galego é o mesmo ca *galo ego*; é dicir, «eu son o galo» e bufo é o mesmo ca bufido, espanto. Así que, por bufo, canto no medio das tebras cando todas estades acovardadas e, por galo, a todas horas canto e deféndoo a puñadas!

O que mostrou máis sentimento desta licenza que tomou o moucho foi o pavo andaluz. Fose por isto, por quedar picado na pasada xunta do día do divino cronista, ou por unha natural aversión, erguéndose sobre os pés sen mirar para eles, despregou a súa roda e atronou con espantosos grallamentos todo o souto. Con feroz semblante, arrepxoselle ó moucho para acometelo. Ben pensaron as aves da xunta, ó veren a aparente arrogancia do pavo, que non sería necesario outro que confundirse o bufo de quen, dalgunha maneira, algunhas delas se compadecían. Con piadoso celo, persuadíano para que non tentase entrar en xusta co pavo e mellor o escusase. Advertíanlle que non o cegase a vitoria gañada na pasada xunta co tordo vasco, quen non tiña comparación en brío, arrogancia nin forzas co poderoso pavo andaluz.

Insistían moito nisto o xílgaro portugués, a curuxa asturiana e o corvo montañés. Estes dous últimos achegáronse ó famoso pleito e, sen formaren parte da xunta, puxéronse á vista do moucho como máis veciños del e irmáns de armas. O moucho, rindo polo baixo polo que estes dicían, comezou amoucado a limpar as uñas. Estivo nisto con moito silencio e un bo anaco suspenso doutras accións. Arqueaba as cellas e engurraba a fronte. Algunhas veces alzaba a vista en branco ó claro ceo e, respirando mansamente, suspiraba. Xulgaba a xunta que o moucho renunciara a entrar en lide co pavo e murmurando en secreto unhas coas outras, dicían:

—Causáronche boa impresión no moucho as dificultades que lle puxeron por diante...

Atribuíanlle a vitoria ó pavo porque coñecían del o ser lixeiro, presto, agudo e desenvolto na oratoria. O noso moucho poñía a orella e atendía a estas e a outras razóns e, co entendemento e co seu discurso que tanto o suspen-deran, querendo satisfacelos e, de paso, sacalos de dúbidas, revirouse cara á aguia facendo o acatamento debido. Puxo os ollos no pavo e paseándoo con eles de arriba a abaixo cunha acción de desprezo, volveunos modestos cara á xunta e dixo:

—Pasoume polo sentido que, de verme en silencio este intre que furei ó tempo para considerar as cousas e as accións que logo veredes, se cadra, sentistes que me acor-ardei de entrar en xusta co arrogante pavo. E sabere-des que determinei entrar nela vencido o temor, cousa, por certo, que xamais coubo no meu corazón. Pero por sacarvos desa dúbida, se é que a tedes, quero de boa gana revelarvos o misterio da causa da miña suspensión.

»Non vou pensar que ignorades que os mouchos galegos nos temos visto infinitas veces en máis rigorosos encontros cos árabes pavos andaluces e, tanto foi o medo que lles perdemos que, sen ningún, un gran número de mouchos atrevéronse a vivir entre eles, espaxados e derramados por toda a Andalucía despois de quitarlla cun niño de castelos, vilas e lugares. E foron ben necesarios estes mouchos para a quietude da terra, a ensinanza na fe e a suxeición ó seu rei. Malia non haber moito tempo que se fixo este transplante, co discorrer dos anos terán multiplicado e producido moi-tos fillos. A tal respecto estiven considerando que, se por ventura, o pavo presente fose descendente dalgún dos que digo que se transplantaron á súa patria, ben que me pesaría poñelo no mesmo extremo ca ó tordo biscaíño. E se no discurso deste breve intre me vistes alzar os ollos ó ceo, foi para suplicarlle que me alumease e me dese o modo de saír deste engano. E penso que foi aceptada a miña oración por Deus, pois deume o modo para saír do que agora veredes.

Virouse cara á aguia e suplicoulle que, xa que estivera atenta á satisfacción que dera á xunta e para que esta tivese fin antes de entrar a calor, mandase ó pavo facer o sinal da Cruz e dicir o Credo. Segundo a destreza que nisto mostrase, veríase se era dos descendentes da súa patria ou dos naturais andaluces.

—En boa hora —dixo a aguia.

Pois logo, mandoulle ó pavo facer o sinal da Cruz, que é todo o que o moucho galego, de moi clara xustiza, pediu. Coma se este mandamento fose unha pauliña do ceo ou calquera outra voz espantosa coma a que del oíu o gran Saulo, de tal sorte escagallóuselle a roda ó pavo e deu na terra con toda a súa bravura, arrogancia e brío. Asombroulle que as súas lucidas e vistosas plumas se virasen lóbregas e escuras. Probou a facer a Cruz e, de tan turbado, fallouna dúas ou tres veces. Ora comezaba polos ombreiros, ora polo peito. Díxolle o moucho:

—Aí, non todo o mundo é quen de a levar, non vos turbades. Animádevos a facela, que ela mesma vos reforzará.

Finalmente, despois de moitas veces fíxoa, aínda que mal formada. Chegou a dicir o Credo, pero mostrou que había poucos días que llo aprenderan e así o confesou en presenza de toda a xunta. Preguntoulle a aguia que causa o movera para sentirse máis cheo de razón contra o moucho ca ningunha outra ave, supoñendo que, polo que acababa de confesar, non podía competir co bufo no caso presente. Contestou que, de natural, aborrecía con xustísima causa a calquera moucho galego e a toda a súa nación:

—Os dela, máis ca os de ningunha outra, coa axuda do seu patrón Santiago, abateron, prenderon e quitaron o mando e goberno de Andalucía e, non contentos con iso, quedaron alí entre os andaluces aseñorándoos. Xa estes lles tiveran aborrecemento a seus pais e a seus avós, cousa que foi crescendo cada día máis ó ver que os mouchos galegos,

de ordinario, ocupan neste imperio os máis eminentes lugares, no espiritual e no temporal.

»Hai nestes tempos un Castro en Nápoles, outro en Sicilia e outro en Sevilla; un Zúñiga en Roma e outro no Novo Mundo, onde deixaban un nome inmortal; un Sarmiento en Londres e outro en Sevilla; unha mancha de cardenais: outro Castro, un Quiroga, un Fonseca, un Zúñiga, un Moscoso e un Valdés; un Fernández de Tomecén en Córdoba; un Faxardo en Murcia; un Rivera en Alcalá; un Soutomaior en Béxar e outro no Carpio; un Figueroa en Feria; un Sarmiento en Salinas sen outro número grande que sería longo de contar; e un Pita, cuxo brasón e escudo de armas adorna a manopla do rei Francisco de Francia cunha cadea atada ó pescozo, en sinal de telo preso.


Alegou que se tivese que referilo todo, cansaría a xunta presente, pero que ningunha outra cousa máis ca a envexa disto era o que o movía a contradicir o bufo. A aguia e toda a xunta admiraron esta encomiable confesión, pero o noso moucho non perdeu aquela ocasión e pediulle á aguia que lle mandase ó secretario da xunta dar un tanto autorizado. Xa que logo, mandóuselle dar e, recibido este, volveu o moucho ó comezado. Desenvaiñou de novo as uñas e revestido da cólera primeira foi cara a fóra algúns pasos. Arrabeando co despeito díxolle ó pavo:

—Aquí te espero!

Coma se fose un touro acosado e alustrándolle os ollos coma o lume, levantaba a terra do chan onde asentaba as plantas. Agardou un bo anaco polo pavo que, a todo isto, non ergueu os ollos do chan e nin de lado puido tender a súa roda. Tremía este coma un febril, cousa que lle causou un terrible asombro a toda a xunta, en especial ás aves, que puxeran todas as esperanzas na súa arrogancia.

Debido a que non saía, preguntou o moucho se quedaba outra cousa que facer co pavo ou se algunha outra ave, no

sitio del ou por si, quería tomar a pendencia e demanda. ó calaren todas, o moucho pediu dar testemuño. A aguia mandoullo dar e reservou para si a determinación do artigo sobre o que se declararon estas xuntas. Naquel intre, mandou pór silencio ó caso.



BO MATERIAL

Xulia Sánchez Rodríguez

Segundo accésit

Datos da obra:

Autora: Dolly Alderton

Título: *Good Material*

Lingua de publicación: inglés

Lugar e ano de publicación: Colchester, 2023

Editorial: Penguin Books UK

VERÁN DE 2019

Razóns polas que está ben non seguir con Jen

Non sabe bailar. Non ten nada de ritmo. Adoitaba pensar que era algo adorable ata que vin que a xente se ría dela, e odio admitir que me daba vergoña.

Unha vez escoitei que lle dicía ao meu curmán adolescente que quería consello sobre as súas solicitudes para a universidade, «Imos un día tomar un café e falamos».

Ten ideas algo anticuadas sobre o que é sofisticado, como os cócteles ou gastar vinte euros nun prato de pasta nun sitio «curriño».

Négase a chegar ao aeroporto nin un minuto antes dos noventa minutos previos á engalaxe do voo.

Xa non a teño que convencer para que lle guste onde vivimos.

Cando saía a correr pola tarde, entraba no salón, poñíase a estirar diante da tele e dicía «Que ves?», e obrigábame a explicarlle o programa que estaba a ver (a pesar de que sabía o que era) só para darme a entender que ela estaba facendo exercicio mentres eu vía telelixo.

Falaba moito e con demasiada petulancia de que viña dunha familia numerosa, como se tomase ela a decisión de ter tres irmáns.

Sempre presumía acerca de como rexeitaría unha condecoración da Excelentísima Orde do Imperio Británico se lla ofrecesen debido aos seus supostos valores republicanos de

esquerdas, pero nunca sabía responderme cada vez que lle preguntaba por que lle habían de ofrecer unha.

Estou seguro de que nunca rexeitaría unha condecoración da Excelentísima Orde do Imperio Británico se lla ofrecesen.

Sempre lle levaba unha hora deitarse, daba igual cando chegase, porque facía unha rutina facial de sete pasos, navegaba por aplicacións de compras e escoitaba podcasts. Porén, polas mañás só deixaba vinte minutos entre que soaba o despertador e tiña que saír da casa.

Sempre tarde para min, pero nunca para o traballo.

Non sabe conducir (infantil).

Dalgunha forma era capaz de relacionar a trama de todas as películas que viamos coa súa propia vida.

A súa insufrible irmá Miranda, a cal leva ás manifestacións pancartas caseiras sen sentido que din cousas como «A historia está a vixiar» e sei que me odia porque sempre baballoaba contra os «homes brancos heterosexuais» cando viña cear, daba igual o tema. Antes adoitaba dicir «Síntoo, Andy», pero ao final xa non o facía.

As súas amizades do traballo, que son aburridas e estiradas, e non son nin divertidas nin graciosas.

Sempre falaba de ser unha grande aventureira, pero nunca o levou a cabo. Quería tomar un ano para viaxar porque nunca collera un sabático («o ano que vén»). Quería mudarse a París («non é o momento adecuado»). Quería facer un corte de pelo estilo *undercut* («no traballo non gustaría»). Quería ir a unha festa *rave* ao aire libre con temática sexual («cando mellore a miña alerxia ao pole»).

Vai a terapia unha vez por semana dende os vinte e nove, pero nunca me di de que falan e nunca me pareceu que tivese ningún problema.

Conectaba demasiado cos cans e faláballes coma se fosen persoas.

O seu pai, un maleducado.

A súa nai, rara.

Vén dunha familia que fai andainas circulares e xoga a xogos de mesa.

É demasiado faladora e formou parte do equipo de debate do seu colexio, o que significa que non gañei ningunha discusión en catro anos, mesmo cando tiña razón en moitas delas.

Sempre con que mordo as unllas, que fochico nos pés, que teño demasiado pelo nas fosas nasais e no cu... Pero ela sempre está a xogar coas cutículas.

Falaba no cine.

Dicía que non estaba segura sobre se quería ter fillos porque se preocupaba polo planeta, pero creo que en realidade o que non quería era ter fillos comigo.

Nunca falaba en serio sobre ter fillos, a pesar de que sabía que quero ser pai, pero ás veces dicíalle á xente: «Ese nome é unha das miñas opcións para un bebé».

Eses nomes incluían: Noah, Azul (?) e Zebedeo.

Unha pedante. Unha vez dixo que pensaba que a xente que levaba un sombreiro de palla no aeroporto para ir de vacacións no verán era «rexional».

Quedaba demasiado tempo mirando cada artefacto ou cadro nos museos e metíase comigo se percorría a exposición demasiado rápido.

Unha vez vina asentir respectuosamente ante unha CULLERIÑA DE XADE no Museo Británico.

Só a vin chorar en contadas ocasións en case catro anos de relación e cando rompemos non foi unha delas.

Unha foi cando estabamos a ver un documental de Joni Mitchell.

Arruinoume a vida.

Venres, 5 de xullo de 2019

Hai un xersei e unha camisa colgados no tendal do xardín da miña nai que parecen estar collidos da man na brisa. Asómome á ventá do cuarto e contemplo como a súa interacción cambia coa dirección do vento. Observo ata que son exactamente as 19:03, cando collo o teléfono para chamar a muller á que levo amando tres anos, dez meses e vinte e nove días, a cal me deixou e esnaquizou o corazón coma se dunha piñata se tratase hai oito días e vinte e dúas horas.

Acordamos que a chamaría ás sete, pero agardo a que pasen tres minutos para deixarlle claro que xa non é ela a que leva a voz cantante. Busco o seu nome na axenda: Jen (Hammersmith). Facíanos graza. A miña compañeira de vida, reducida a un barrio. Agora xa non fai graza, perdeu toda a súa ironía. É só un feito. Estou a punto de chamar a Jen (Hammersmith), unha muller da que probablemente nunca serei amigo, que vive nunha parte de Londres que nunca visitaría.

—Ola?

—Ola –digo mentres se me quebra a voz coma unha gaita–. Son Andy.

—Seino.

—Xa borraches o meu número?

—Non? Por que ía borrar o teu número?

—Non sei, pola forma na que colliches e dixeches «Ola?», tan formal, coma se respondeses unha chamada do dentista.

—Non dixer «Ola?», dixer «Ola!».

—Non é certo. Dixéchelo preguntando, coma se non soubeses quen chamaba.

—Sabía que eras ti. Acordamos unha hora para chamar.

—Pensei que como chamaba algo máis tarde do que quedáramos...

—Dixemos ás sete –responde animada—. De todos os xeitos, sei o teu número de memoria.

—E logo?

—Porque ao principio adoitaba borrar o teu número todo o tempo e acabei por memorizalo sen querer.

Lembro aquela conversa que tivemos cando levabamos só uns meses, xusto despois de dicirnos «quérote» por primeira vez. Admitíame que adoitaba borrar o meu número cada vez que lle mandaba unha mensaxe para non ver o meu nome no seu teléfono e obsesionarse sobre cando lle ía volver escribir. Non entendo como está ocorrendo isto. Quero volver a ese momento. Como viaxan no tempo nas películas? Faría calquera cousa. Caer dende unha grande altura. Electrocutarme. Entrar nun armario e xirar dez veces. Reprimo un salouco e soa coma se tivese impo.

—Oh, Andy.

—Estou ben –digo grallando outra vez coma unha gaita—. Que tal na casa de Miranda?

—Non está mal. O bebé dorme no cuarto de invitados, así que estou no salón nun colchón inchable, pero non pasa nada.

—Estás rodeada de pancartas que din «A historia está a vixiar»?

—Non –responde.

Unha das nosas bromas favoritas, extinguida coa nosa relación. Só podíamos facela cando eramos cómplices, cando estabamos tan unidos que sentía a súa familia como miña, aínda que me volvesen tolo. Pero ela cambiara de bando. Xa non son a súa familia, xa non estamos no mesmo equipo. Só son un home das Midlands, do que probablemente nunca sería amiga, que está a falar mal da súa irmá.

—Que tal a túa nai? –pregunta.

—Está ben. Ódiate. Na súa clase de zumba están planeando a túa morte —outro silencio de xeo—. Está moi triste, como é lóxico.

—Podo escribirlle unha carta? Despois non volverei contactar con ela, xúroo. Só quero despedirme.

—Gustaralle, quérete moito.

—Xamais coñecín unha nai como a túa.

—Quérote moito.

Máis silencio. Collo un cigarro do peto e acéndoo.

—Estás fumando?

—Si.

—Non o fagas, Andy. Esforzácheste moito para deixalo.

—Dáme igual —digo de forma brusca, intentando soar como un criminal romántico.

Inhalo e sinto o consolo característico dos meus pulmóns contraéndose.

—Eu tamén recaín... Vou fumar un, xa que estamos.

Escoito como remexe no bolso.

—É raro. Estar aquí, durmir no chan, fumar e beber todo o que quero, non ver a ninguén... Parece Nadal —di.

—*Nadal?*

—Si, como que... o meu mundo parou por un intre.

Quedo calado.

—Xa me entendes.

—A verdade é que non. Para min parece o contrario a Nadal.

—Que é o *contrario* a Nadal?

—Non sei. Pascua? O peor aniversario do mundo? O meu maldito funeral, pero estou vivo nel?

—Andy... Podemos intentar evitar a histeria? Sei que isto é horrible para ti, tamén o é para min, pero a xente rompe todo o tempo.

—Deixa de dicir iso! Deixa de referirte á «xente que rompe» como se fósemos unha enquisa de opinión pública!

O meu orgullo impídeme dicir o que quero dicir de verdade, que é que «a xente rompe todo o tempo» é un pensamento que só consola a persoa que remata a relación. Xa non está namorada e non quere sentirse culpable. Seino porque eu tamén o dixen, sen darme de conta do inútil que resulta para a persoa á que están a deixar.

—A miña psicóloga recomendoume facer algo esta semana que me pareceu útil e creo que tamén cho pode parecer a ti.

—A túa psicóloga recomendou que «lle escribise unha carta ao meu ego», así que lamento non morrer de ganas por saber que dixo.

—Queres oílo ou non?

—Dálle.

—Dixo que, ao acabar unha relación, é bo escribir unha listaxe de razóns polas cales está ben non seguir con esa persoa.

—Non podo escribir esa listaxe porque quero que esteamos xuntos.

—Non o creo.

—É o único que quero.

—Intenta escribila. Penso que pode axudarche a separar a fantasía da realidade da nosa relación, a cal creo que no fondo sabías que non funcionaba.

—Non podo crer que sexas tan fría –digo–. Xamais te escoitara falar así.

—Só intento axudarnos a pasar páxina.

—Como queiras. Non ten sentido seguir discutindo.

Non atopo o meu lugar na conversa. Paso da desesperación á indiferenza. Quero que vexa canto a quero e ao mesmo tempo que pense que xa non me importa a nosa relación. Non sei cal é o resultado desexado. Ogallá non levar tres cervexas enriba.

—Non creo que estas chamadas estean a axudar –digo–.

—Eu tampouco.

—Quizais deberíamos acordar non falar durante unha tempada.

—Se é o que queres –responde.

—É o que quero.

—Vale –di mentres dá unha profunda calada ao seu cigarro—. Xa llo contaches a Avi?

—Non.

—Andy.

—Direillo cando estea preparado. Por favor. Gustaríame ter algo que dicir nesta ruptura.

—Con quen falas do tema?

—Ti es a única persoa coa que podo falar disto –digo, anoxado pola sinceridade do meu amor—. Que Jane non llo diga antes ca min, por favor.

—Xuroume que non, pero non o vai poder ocultar moito máis –responde—. É o teu mellor amigo e pode axudarche a procesalo.

—Non funcionamos así, Jen, pero graciñas.

Hai unha pausa que espero que encha. Non o fai.

—Pois, adeus, supoño –digo co ánimo canso—. Falamos só se necesitamos comentar cousas do piso ou do que sexa.

—Si, claro –di en voz baixa—. Cóidate.

—Quérote, Jen.

Podo escoitar como considera os riscos de responderme, coa súa psicóloga no ombro dicindo cousas sobre codependencia e límites.

—Biquiños –responde.

Colgo.

Mamá entra con dúas cuncas e tiro o cigarro pola ventá.

—Pensei que só fumabas cando bebías –di mentres pon unha das cuncas na miña mesa de noite e senta no bordo da cama arrolando a outra.

—Levo tres cervexas e non son nin as oito.

—Non pasa nada, dadas as circunstancias.

Sento ao seu carón e collo a cunca que pon «Son do Aston Villa e a falta de copa teño cunca!» en tipografía Courier New de cor viño.

—Este té sabe a mazapán.

—Púxenlle un pouco de Disaronno –responde.

Rodéoa co brazo, apóiase en min e cheira a miña camiseta.

—Fedo a tabaco?

—Si –di mentres pon a cabeza no meu ombro–. Deus, está ben.

—Jen quere escribirche unha carta e díxenlle que podía. Espero que che pareza ben.

Asente.

—Quero moito a Jen.

—Máis ca min?

Párase a pensalo.

—Un *pouquichiño* máis. Comprábame candeas ben feitiñas.

—Certo é.

Levántase da cama e achégase cara ao reprodutor de CD azul e prateado que ten o soporte físico raiado por décadas de uso. Colle unha funda e saca o CD.

—Podes quedar aquí o tempo que queiras, xa o sabes. Encántame terte na casa.

—Grazas, mamá.

Un son vibrante e unha vaga de cordas inunda o cuarto.

—Que puxeches?

—*In the Wee Small Hours*, o mellor álbum que existe para unha ruptura.

Volve sentar ao meu carón.

—Escóitao cada día ata que te sintas mellor. Eu escoiteino sen parar cando marchou teu pai.

Imaxino a miña nai sentíndose así cando eu era un bebé, incapaz de prepararlle un té, rodeala co brazo ou poñerlle algún dos seus discos. Dáme unhas palmadiñas no lombo e levántase desa forma que ten dende que cumpriu sesenta. Ao momento síntome mellor coa voz de Frank Sinatra, o son de cada decembro. O tipo de voz que te fai crer nun mundo alternativo de luxo, elegancia, romance e orquestras de corda.

—Parece Nadal —dígolle.

—Ben! —responde de forma alegre mentres pecha a porta tras de si.

Camiño cara á ventá e observo o tendal. As mangas fan quendas para achegarse unha á outra mentres danzan no vento. Todo son sinais dende que ela marchou. Todo son pistas para axudarme a entender o que está a ocorrer.

Penso no noso primeiro bico na porta da súa casa.

Penso na nosa primeira discusión, na nosa última discusión e en todas as discusións entremedias.

Penso nos primeiros agasallos de aniversario que nos fixemos.

Penso no seu beizo superior, no lunar no seu costado e na maneira na que o seu nariz parece cambiar de forma con cada ángulo cara ao que xira.

Penso na primeira noite que pasamos xuntos no noso piso: cruzar o limiar con ela en brazos, cuartos baldeiros, comida tailandesa, demasiado viño tinto, unha discusión de borrachos sobre a necesidade dun revisteiro, sexo entre risas tontas no chan.

Penso nos primeiros seis meses que compartimos cama, en como quedaba durmida sobre o meu peito mentres a abrazaba e como espertabamos na mesma posición.

Penso na forma que faciamos ao durmir cando estabamos cómodos: de costas, un ao carón do outro, cos cus tocando.

Penso na primeira vez que a fixen rir e como ese son sempre será para min o ruído máis satisfactorio do mundo, incluso mellor que a risa do público.

Penso na posibilidade de non volver oíla rir, de non volver comprarlle un regalo de aniversario, de non volver adiviñar o que quere do menú de comida para levar, de non volver escoitar os seus segredos nin bicarlle as pálpabras.

Saco unha foto do xersei e da camisa co móbil, por se esquezo o que se sente ao ser amado. Pecho as cortinas e métome na cama na que durmo dende que era pequeno. E choro, choro, choro e choro.

POESÍA

Crónica doutra terra

[Natalia Otero Oubiña]

A liturxia

[M.^a Dolores López Correa]

A outra morte de Sara I.

[Saray Rodríguez Pérez]

RELATO CURTO

A derradeira novela de Verónica Silgar

[Alba Guzmán Falcón]

A froita no karité

[Fabio Rivas]

Distopía?

[José Nicanor Alonso Álvarez]

TRADUCIÓN

Antoloxía poética

[Tamara Andrés Padín]

O moucho galego

[Natalia Otero Oubiña]

Bo material

[Xulia Sánchez Rodríguez]

1396108

